

## XUNTA DE GOBERNO

Sesión do día 18 de marzo de 2024

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e cinco minutos do día dezaoito de marzo do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luísa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Gabriel Rodríguez Alonso*, Secretario Acctal., e está presente a Interventora Acctal., *Susana Escaloni Varela*.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Antes do inicio da sesión, o Secretario Acctal da conta da Resolución presidencial de data 15/03/2024 (RP2024002172), en virtude da cal se establece unha nova composición da Xunta de Goberno con motivo da incorporación á mesma da Deputada Provincial *Luísa María Sánchez Méndez*, así como do novo horario das sesións ordinarias deste órgano colexiado, e que modifica a anterior Resolución de data 19/07/2023 (RP2023005792).

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33494.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 8 de marzo de 2024.

2.33495.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE ARBO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE ARBO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “MOBILIDADE PEONIL NO TREITO ANTIGO DA EP-5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELA NO ENTORNO DA IGREXA DE SAN SEBASTIÁN” (Expte.2024013862)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/02/2024, con número de rexistro WEB2024012657, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Arbo* na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª, 23ª das reguladoras do Plan, (que permite ás entidades municipais destinar parte ou a totalidade da cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais para investimentos acollidos noutros plans, programas ou convenios da propia Deputación ou doutras administracións cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal), solicita con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 83.212,97 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal do convenio entre o concello de Arbo e a Deputación Provincial para o investimento “MOBILIDADE PEONIL NO TREITO ANTIGO DA EP-5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELA NO ENTORNO DA IGREXA DE SAN SEBASTIAN”, sendo o seu orzamento de 416.064,84 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento-€	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutros Plans- €	Fondos propios do Concello- €
2024	416.064,84	83.212,97	332.851,87 ( <i>Convenio Infraestruturas Deputación Provincial, exp: 2023077020</i> )	0,00

Consta no expediente o informe técnico sobre a normativa sectorial, aportando a autorización da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade así como a autorización de Deputación Provincial.

A solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2024, figurando no expediente a documentación requirida.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente o informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

O devandito informe será achegado coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

Precisar que a subvención que se conceda rexerese polas normas reguladoras do convenio que se co-financia, sen superar en ningún os prazos establecidos nas bases para os investimentos incluídos na liña 1 do Plan + Provincia 2024.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2024.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, de data 20/02/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 05/03/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Conceder ao *Concello de Arbo*, CIF: P3600100F, unha subvención por importe de 83.212,97 € co obxecto do financiamento da achega municipal do convenio entre o *concello de Arbo* e a Deputación Provincial para a execución da actuación denominada “*Mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela no entorno da Igrexa de San Sebastián*” (exp: 2024013862)”, cuxo orzamento ascende 416.064,84 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento-€	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutros Plans-€	Fondos propios do Concello-€
2024	416.064,84	83.212,97	332.851,87 ( <i>Convenio Infraestruturas - Deputación Provincial-exp: 2023077020</i> )	0,00



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención e previa aprobación e sinatura do convenio de colaboración xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente e realizaranse as oportunas operacións de formalización.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada ó informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto no Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Arbo e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Arbo*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.33496.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CATOIRA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024016534)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 3/01/2024.

De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.



Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importa da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detración, polo que nesos casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detración que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE CATOIRA					
Data de presentación:		07/03/2024 (registro WEB2024015865)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	<i>1 peón de limpeza e 1 condutor/a en xornada de 32,5 h./sem durante 7 meses; 6 peóns de obras públicas e 1 auxiliar/axudante de museos en xornada de 27,5 h./sem durante 7 meses</i>	92.230,91 €	92.230,91 €	0,00 €	92.230,91 €

Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2024/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2024), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE CATOIRA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	92.332,54 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos



esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 aprobadas en sesión plenaria do 29/12/2023, punto núm. 4.8103, e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### Segundo.- Consideracións xurídicas:

#### I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

#### II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.



### III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup> do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

### CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.  
Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada





completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2024/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Catoira (P3601000G)	9	<i>1 peón de limpeza e 1 condutor/a en xornada de 32,5 h./sem durante 7 meses; 6 peóns de obras públicas e 1 auxiliar/axudante de museos en xornada de 27,5 h./sem durante 7 meses</i>	92.230,91 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.



## RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 9G3RPAM5JFJ1Q3Z3) e do informe de Intervención (CSV: 0AQYVPQ707PU1PAD), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Catoira* (CIF P3601000G) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2024 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Catoira (P3601000G)	9	<i>1 peón de limpeza e 1 condutor/a en xornada de 32,5 h./sem durante 7 meses; 6 peóns de obras públicas e 1 auxiliar/ axudante de museos en xornada de 27,5 h./sem durante 7 meses</i>	92.230,91 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento poderá financiarse con fondos propios do concello, co crédito dispoñible dunha desistencia, total ou parcial, dun investimento da liña 1 ou co importe acumulado das baixas definitivas da liña 1, con independencia do remanente acumulado. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2024 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.



- Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
- Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
- Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
- A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Cuadraxésimo Quinta. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.

- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

4.33497.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ESTRADA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024016383)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).



As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 3/01/2024.

De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.

Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importa da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detración, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detración que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DA ESTRADA					
Data de presentación:			06/03/2024 (registro WEB2024015607)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
15	<i>1 conserxe, 1 oficial de 1ª fontaneiro/a, 2 oficiais de 1ª albaneis, 2 axudantes electricistas e 1 auxiliar de biblioteca a xornada completa durante 8 meses; 4 peóns forestais a xornada completa durante 7 meses; 3 peóns de obras públicas e 1 condutor/a de camión a xornada completa durante 6 meses</i>	194.973,92 €	194.973,92 €	0,00 €	194.973,92 €

Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2024/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2024), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DA ESTRADA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	339.858,95 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 aprobadas en sesión plenaria do 29/12/2023, punto núm. 4.8103, e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### Segundo.- Consideracións xurídicas:

#### I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

#### II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.



### III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup> do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

### CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).





Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2024/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
A Estrada (P3601700B)	15	<i>1 conserxe, 1 oficial de 1ª fontaneiro/a, 2 oficiais de 1ª albaneis, 2 axudantes electricistas e 1 auxiliar de biblioteca a xornada completa durante 8 meses; 4 peóns forestais a xornada completa durante 7 meses; 3 peóns de obras públicas e 1 condutor/a de camión a xornada completa durante 6 meses</i>	194.973,92 €



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: J00HIJ24BUMFHLD7) e do informe de Intervención (CSV: Q9H2JC6H666CADX0), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello da Estrada* (CIF P3601700B) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2024 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
A Estrada (P3601700B)	15	<i>1 conserxe, 1 oficial de 1ª fontaneiro/a, 2 oficiais de 1ª albaneis, 2 axudantes electricistas e 1 auxiliar de biblioteca a xornada completa durante 8 meses; 4 peóns forestais a xornada completa durante 7 meses; 3 peóns de obras públicas e 1 condutor/a de camión a xornada completa durante 6 meses</i>	194.973,92 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional



novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento poderá financiarse con fondos propios do concello, co crédito dispoñible dunha desistencia, total ou parcial, dun investimento da liña 1 ou co importe acumulado das baixas definitivas da liña 1, con independencia do remanente acumulado. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.



- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2024 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberánse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
  - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
  - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Cuadraxésimo Quinta. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



5.33498.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O GROVE AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024016514)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 3/01/2024.

De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.

Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importa da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.



O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE O GROVE					
Data de presentación:		07/03/2024 (registro WEB2024015767)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
18	<i>5 peóns de obras públicas, 3 peóns de limpeza, 2 peóns de xardinaría, 2 condutores/as, 4 auxiliares administrativos/as, 1 auxiliar de cultura/animador/a sociocultural e 1 axudante de museo a xornada completa durante 6 meses</i>	219.316,26 €	214.087,50 €	44.708,11 €	174.608,15 €

Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2024/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2024), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE O GROVE	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	174.608,15 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por



traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 aprobadas en sesión plenaria do 29/12/2023, punto núm. 4.8103, e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### Segundo.- Consideracións xurídicas:

#### I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

#### II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.



### III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup> do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

### CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).





Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2024/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Grove, O (P3602200B)	18	<i>5 peóns de obras públicas, 3 peóns de limpeza, 2 peóns de xardinaría, 2 condutores/as, 4 auxiliares administrativos/as, 1 auxiliar de cultura/animador/a sociocultural e 1 axudante de museo a xornada completa durante 6 meses</i>	174.608,15 €



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: Z4MZ8SYUPXNB472M) e do informe de Intervención (CSV: PALYJYKMCYYNOVF0), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de O Grove* (CIF P3602200B) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2024 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Grove, O (P3602200B)	18	<i>5 peóns de obras públicas, 3 peóns de limpeza, 2 peóns de xardinaría, 2 condutores/as, 4 auxiliares administrativos/as, 1 auxiliar de cultura/animador/a sociocultural e 1 axudante de museo a xornada completa durante 6 meses</i>	174.608,15 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período.



As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento poderá financiarse con fondos propios do concello, co crédito dispoñible dunha desistencia, total ou parcial, dun investimento da liña 1 ou co importe acumulado das baixas definitivas da liña 1, con independencia do remanente acumulado. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
  - O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2024 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
  - Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.



- Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
  - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
  - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Cuadraxésimo Quinta. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

6.33499.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE LALÍN AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ADQUISICIÓN TERREOS GRAN PRAZA” (Expte.2024011496)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 21/02/2024, mediante rexistro WEB2024010674, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Lalín na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 729.686,98 euros, para a actuación “Adquisición terreos Gran Praza”, cun orzamento total de 2.572.922,09 euros. O importe restante ata completar a totalidade da adquisición será financiado con fondos propios do Concello.

En data 07/03/2024 mediante rexistro WEB2024015766 o concello emenda a documentación aportada inicialmente, indicando que da valoración total presentada existen dúas actuacións (Camiño. Rúa X e Familia Castaño) que non se consideran imprescindibles para executar a actuación deixándoas sen efecto. O novo orzamento, conformado soamente pola adquisición dos terreos da *Familia Abeledo e Familia Rodríguez Vidal*, pasa a ser de 2.180.169,51 €, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención - Plan+Provincia 2024	Fondos propios do Concello
2024	2.180.169,51	729.686,98	1.450.482,53

A finalidade que pretende a entidade municipal coa adquisición destes bens inmobles (área de reparto AR-26), considerada esta actuación de interese público e xeral, é ampliar as dotacións públicas de espazos libres e zonas verdes existentes no núcleo urbano de Lalín, configurando así un singular e representativo espazo público como lugar de estancia e paseo para a poboación lalinense, procurando unha mellor calidade e humanización do entorno urbano.

Cabe sinalar que segundo as escrituras de compravenda aportadas polo Concello, ambas de data 14/12/2023, o importe de adquisición dos terreos ascende a un total de 2.180.169,51 euros. Sendo xa abonadas nesa data os importes de 80.388,00 euros e de 93.612,00 euros. Quedando a cantidade restante, é dicir 2.006.169,51 euros, pendente de abonar durante os exercicios 2024, 2025 e 2026.

Polo que, a concesión da presente subvención (afectada o pagamento das cotas correspondentes á anualidade 2024) deberá quedar condicionada a que o concello xustifique o pagamento da totalidade do importe da compravenda. Dita xustificación deberá realizarse antes de que remate o prazo de xustificación da subvención que se establece na base trixésimo cuarta do Plan Máis Provincia segundo, a cal: “Os investimentos subvencionados deben estar executados o 31 de decembro de 2025 e xustificados o 31 de marzo de 2026”. O incumprimento de dito requisito, será causa de reintegro da subvención percibida.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27<sup>a</sup>.



## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 07/03/24, e da xefa do servizo de Cooperación de data 07/03/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Conceder ao *Concello de Lalín*, CIF: P3602400H, unha subvención por importe de 729.686,98 € co obxecto do financiamento do investimento “*Adquisición terreos Gran Praza*” (Expte. 2024011496), cuxo orzamento ascende 2.180.169,51 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	2.180.169,51	729.686,98	0,00	1.450.482,53

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- A concesión da presente subvención (afectada o pagamento das cotas correspondentes á anualidade 2024) deberá quedar condicionada a que o concello xustifique o pagamento da totalidade do importe da compravenda. Dita xustificación deberá realizarse antes de que remate o prazo de xustificación da subvención que se establece na base 34ª do Plan Máis Provincia, sendo causa o seu incumprimento de revogación da subvención.
- Conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Lalín*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.33500.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MEAÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024015963)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 3/01/2024.





De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.

Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importa da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detración, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detración que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE MEAÑO					
Data de presentación:		05/03/2024 (registro WEB2024015247)			
Data de emenda da solicitude:		05/03/2024 (registro WEB2024015326)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
13	<i>1 operario/a condutor/a e 1 traballador/a forestal en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 4 peóns de obras públicas, 3 albaneis e 1 limpador/a en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 técnico/a de educación infantil en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 coidador/a comedor escolar en xornada de 35h./sem. durante 4 meses e 1 coidador/a terceira idade en xornada de 35 h./sem durante 3 meses</i>	131.954,66 €	131.954,66 €	22.590,50 €	109.364,16 €



Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2024/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2024), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE MEAÑO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	109.364,16 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 aprobadas en sesión plenaria do 29/12/2023, punto núm. 4.8103, e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### Segundo.- Consideracións xurídicas:

#### I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



## II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

## III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten



aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

## CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2024/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Meaño (P3602700A)	13	1 operario/a condutor/a e 1 traballador/a forestal en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 4 peóns de obras públicas, 3 albaneis e 1 limpador/a en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 técnico/a de educación infantil en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 coidador/a comedor escolar en xornada de 35h./sem. durante 4 meses e 1 coidador/a terceira idade en xornada de 35 h./sem durante 3 meses	109.364,16 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 2JQXUCP748GD362X) e do informe de Intervención (CSV: 9NOUIKYKRKSO1QVM), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Meaño* (CIF P3602700A) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2024 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Meaño (P3602700A)	13	1 operario/a condutor/a e 1 traballador/a forestal en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 4 peóns de obras públicas, 3 albaneis e 1 limpador/a en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 técnico/a de educación infantil en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 coidador/a comedor escolar en xornada de 35h./sem. durante 4 meses e 1 coidador/a terceira idade en xornada de 35 h./sem durante 3 meses	109.364,16 €



Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento poderá financiarse con fondos propios do concello, co crédito dispoñible dunha desistencia, total ou parcial, dun investimento da liña 1 ou co importe acumulado das baixas definitivas da liña 1, con independencia do remanente acumulado. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.



- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2024 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberán concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
  - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
  - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Cuadraxésimo Quinta. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.



- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

**8.33501.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SILLEDA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “SERVIZOS ENERXÉTICOS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR” (Expte.2024016382)**

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

En data 06/03/2024, con rexistro núm. WEB2024015490, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do *Concello de Silleda* na que solicita unha subvención por importe de 73.815,86 euros, con destino ao financiamento de “*Servizos enerxéticos e de mantemento integral do alumeado público exterior*” (Expte.:2024016382), cun orzamento por importe de 99.919,94 €.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).





- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Instrución do expediente

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

### Petición e evacuación de informes

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15ª das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 08/03/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Silleda*, CIF:P3605200I, a cantidade de 73.815,86 €, con destino ao financiamento de “*Servizos enerxéticos e de mantemento integral do alumeado público exterior*” (Expte.:2024016382), cun orzamento por importe de 99.919,94 €.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Silleda*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

9.33502.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PROGRAMACIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E SOCIAL DO CONCELLO” (Expte.2024016002)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

En data 05/03/2024, con rexistro núm.WEB2024015292, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do Concello de Vilagarcía de Arousa na que solicita unha subvención por importe de 123.015,43 euros, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social do Concello*” (Expte.2024016002), cun orzamento polo mesmo importe.



Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2024 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Programa para fomentar a igualdade de xénero	13.246,50 €	13.246,50 €
Proxecto estimulación cognitiva e psicomotriz	12.654,00 €	12.654,00 €
Proxecto “Non te deixes enganar”	6.215,63 €	6.215,63 €
Proxecto intervención socioeducativa dende o teatro do oprimido	5.614,40 €	5.614,40 €
Proxecto empatiza	8.869,30 €	8.869,30 €
Combate naval	46.415,60 €	46.415,60 €
VII Festival Internacional de Música clasclás	30.000,00 €	30.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>123.015,43 €</b>	<b>123.015,43 €</b>

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

### II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### Instrución do expediente

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15<sup>a</sup> das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 07/03/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, CIF:P3606000B, a cantidade de 123.015,43 €, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social do concello*” (Expte.2024016002), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO



núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

10.33503.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN ELÉCTRICA DE BAIXA TENSIÓN E OBRA CIVIL ASOCIADA PARA DOTAR A DIFERENTES CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE PUNTOS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS NO MARCO DO PLAN NACIONAL DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA E DO PLAN NACIONAL INTEGRADO DE ENERXÍA E CLIMA 2021-2023 (PROGRAMA MOVES III) FINANCIADO POLA UE DENTRO DOS FONDOS NEXT-GENERATIONEU). (Expte.2023044745)

A Deputación de Pontevedra, presentou, ao amparo da Convocatoria do Programa Estatal MOVES III para a Mobilidade Eléctrica, ante o INEGA, o proxecto para executar actuacións para a implantación de instalacións de recarga de vehículos eléctricos, que comprende as nove actuacións seguintes:

Código expediente Inega	Nombre
IN421R-3527	1 - Centro Príncipe Felipe
IN421R-3530	2 - Museo Pontevedra
IN421R-3532	3 - EFAreiro
IN421R-3533	4 - Vivero empresas Barro
IN421R-3534	5 -Parque Maquinaria Barro
IN421R-3535	6 - Sede Vigo
IN421R-3536	7 - Castelo Soutomaior
IN421R-3538	8 -Finca Mouriscade
IN421R-3539	9 -Viveiro empresas Lalín

Á vista das resolucións favorables de concesión de axuda emitidas polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para a implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 9 emprazamentos da Deputación de Pontevedra, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día 2 de xuño de 2023 adoptou a aceptación das devanditas axudas ((CSV): F0P3JQIOHZB9P7JI).



Con data 04/12/2023 pola Xefa do Servizo de Cooperación emitiuse informe con CSV (5C6G4C7ANW7KVDDM) polo que se considera necesario renunciar as seguintes actuacións

Código expediente	Nome proxecto
IN421R-3530	2 - Museo Pontevedra
IN421R-3535	6 - Sede Vigo
IN421R-3536	7 - Castelo Soutomaior

A vista do exposto a Xefa do Servizo de Cooperacións cos Municipios e a Deputada Delegada de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, Arquitectura e Proxectos Europeos ditaron providencia de inicio do expediente para a contratación das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan Nacional de Recuperación, transformación e resiliencia e do Plan Nacional integrado de enerxía e clima 2021-2023 (Programa Moves III) financiado pola UE dentro dos Fondos Next-Generation EU). (CSV) 3GHP5TXKJPLG122H.

Con data 13/10/2023 a Xunta de Goberno acordou a aprobación do proxecto de execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan Nacional de Recuperación, transformación e resiliencia e do Plan Nacional integrado de enerxía e clima 2021-2023 (Programa Moves III) financiado pola UE dentro dos Fondos Next-Generation EU), con (CSV) H5PINXZZ0D92S5AH que comprende as 6 actuacións seguintes:

Nº	Actuación	Orzamento base licitación (IVE excluído)	Importe IVE (21%)	Total
1	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Centro Príncipe Felipe de Pontevedra de tres puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 132 KW)”</i>	47.600,00 €	9.996,00 €	57.596,00 €
2	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar á Estación Fitopatolóxica Areiro de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)”</i>	29.134,97 €	6.118,34 €	35.253,31 €
3	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Viveiro de Empresas de Barro de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)”</i>	24.935,99 €	5.236,56 €	30.172,55 €
4	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Parque de Maquinaria da Excm. Deputación de Pontevedra de tres puntos de recarga dobre de 44 KW cada un e de dous puntos simples de recarga de 50 KW cada un (Total 232 KW)”</i>	106.365,56 €	22.336,77 €	128.702,33 €



5	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar á Finca Mouriscade de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)”</i>	19.029,30 €	3.996,15 €	23.025,45 €
6	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Viveiro de Empresas de Lalín dun punto de recarga dobre de 44 KW (Total 44 KW)”</i>	10.591,00 €	2.224,11 €	12.815,11 €
<i>Total</i>		237.656,82 €	49.907,93 €	287.564,75 €

O proxecto foi redactado polo técnico Fernando Pérez Albalate Ingeniero Industrial Colexiado nº 5501 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Andalucía Occidental da empresa E-ADJUDICA, SL (B-72.375.025).

Con data 19/02/2024 emitíuse informe polos técnicos do Servizo de cooperación con CSV (UUJRCW3JYK5JQA94) no que se pon de manifesto que examinados en detalle os antecedentes, informes e demais documentación relativa ao expediente, determínase que tamén se poden levar a cabo as actuacións aprobadas polo INEGA para o Castelo de Soutomaior e Museo de Pontevedra.

A vista de dito informe ditouse providencia de inicio complementaria pola que se solicita a contratación das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan Nacional de Recuperación, transformación e resiliencia e do Plan Nacional integrado de enerxía e clima 2021-2023 (Programa Moves III) financiado pola UE dentro dos Fondos Next-Generation EU e se proceda a aprobación do proxecto con CSV (K16FCCOGP53OL1O7) que comprende as seguintes 8 actuacións:

Nº	Nº expediente INEGA	Actuación	Orzamento base licitación (IVE excluído)	Importe IVE (21%)	Total
1	IN421R-3527	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Centro Príncipe Felipe de Pontevedra de tres puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 132 KW)”</i>	47.600,00 €	9.996,00 €	57.596,00 €
2	IN421R-3530	<i>Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao edificio Castelao “Museo de Pontevedra” dun punto simple de recarga de 22 kw.</i>	8.687,00 €	1.824,27 €	10.511,27 €



3	IN421R-3532	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar á Estación Fitopatolóxica Areiro de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)”</i>	29.134,97 €	6.118,34 €	35.253,31 €
4	IN421R-3533	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Viveiro de Empresas de Barro de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)”</i>	24.935,99 €	5.236,56 €	30.172,55 €
5	IN421R-3534	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Parque de Maquinaria da Excma. Deputación de Pontevedra de tres puntos de recarga dobre de 44 KW cada un e de dous puntos simples de recarga de 50 KW cada un (Total 232 KW)”</i>	106.365,56 €	22.336,77 €	128.702,33 €
6	IN421R-3536	<i>Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Castelo de Soutomaior de dous puntos de recarga dobre de 44 kW cada un</i>	26.719,38 €	5.611,07 €	32.330,45 €
7	IN421R-3538	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar á Finca Mouriscade de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)”</i>	19.029,30 €	3.996,15 €	23.025,45 €
8	IN421R-3539	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Viveiro de Empresas de Lalín dun punto de recarga dobre de 44 KW (Total 44 KW)”</i>	10.591,00 €	2.224,11 €	12.815,11 €

De conformidade co previsto na providencia de inicio do expediente e tendo en conta as prestacións que constitúen o obxecto do contrato este cualifícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración. Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo esta a de subministración.

De conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.





Visto o informe de supervisión do proxecto emitido polo Técnico Enxeñeiro de proxectos do Servizo de Cooperación, Alejandro Marín Gómez Nieves con data 04/03/2024.

Visto o informe emitido pola intervención con data 07/03/2024 polo que se informa favorablemente o expediente coas seguintes observacións e recomendacións:

*“No caso das actuacións nº 3 (Estación Fitopatolóxica Areiro) e nº 7 (Finca Mouriscade) debería aclararse se resulta necesario ou non contar con autorizacións e/ou informes sectoriais.*

*Asemade, sinalar a necesidade de indicar para tódalas actuacións o título habilitante municipal de natureza urbanística que se precisa para a súa execución (Licenza, declaración responsable ou comunicación previa).*

*Convén sinalar que o importe total dos orzamentos das actuacións nº 5 (Parque de Maquinaria) e nº 6 (Castelo de Soutomaíor) excede o importe que para os conceptos comprendidos nestes se recolle na memoria técnica remitida no seu día ao INEGA para a solicitude da axuda e que serviu de base para a súa concesión.*

Visto así mesmo que no mencionado informe emitido pola intervención se informa que nas aplicacións orzamentarias correspondentes, dentro do proxecto de gasto código nº 92310004, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiron os correspondentes documentos RC segundo o seguinte detalle:

Nº Actuación	Centro	Aplicación orzamentaria	Nº RC	Importe RC
1	Centro Príncipe Felipe	24/232.4250.623.02.2023	202400005099	57.596,00 €
2	Museo	24/333.4250.623.02.2023	202400039738	10.511,27 €
3	EFAreiro	24/413.4250.623.02.2023	202400006835	35.253,31 €
4	Viveiro Empresas Barro	24/942.4250.623.02.2023	202400006564	30.172,55 €
5	Parque Maquinaria	24/456.4250.623.02.2023	202400005772	128.702,33 €
6	Castelo Soutomaíor	24/433.4250.623.02.2023	202400048579	32.330,45 €
7	Finca Mouriscade	24/410.4250.623.02.2023	202400005766	23.025,45 €
8	Viveiro Empresas Lalín	24/942.4250.623.02.2023	202400006565	12.815,11 €
Total				330.406,47 €



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno de data 13/10/20 polo que se aprobou o proxecto de execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan Nacional de Recuperación, transformación e resiliencia e do Plan Nacional integrado de enerxía e clima 2021-2023 (Programa Moves III) financiado pola UE dentro dos Fondos Next-Generation EU), con (CSV) H5PINXZZ0D92S5AH que comprende as referidas 6 actuacións.

2.- Aprobar o proxecto de execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan Nacional de Recuperación, transformación e resiliencia e do Plan Nacional integrado de enerxía e clima 2021-2023 (Programa Moves III) financiado pola UE dentro dos Fondos Next-Generation EU), con (CSV) K16FCCOGP53OL1O7 que comprende as seguintes 8 actuacións:

Nº	Nº expediente INEGA	Actuación	Orzamento base licitación (IVE excluído)	Importe IVE (21%)	Total
1	IN421R-3527	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Centro Príncipe Felipe de Pontevedra de tres puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 132 KW)”</i>	47.600,00 €	9.996,00 €	57.596,00 €
2	IN421R-3530	<i>Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao edificio Castelao “Museo de Pontevedra” dun punto simple de recarga de 22 kw.</i>	8.687,00 €	1.824,27 €	10.511,27 €



3	IN421R-3532	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar á Estación Fitopatolóxica Areiro de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)”</i>	29.134,97 €	6.118,34 €	35.253,31 €
4	IN421R-3533	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Viveiro de Empresas de Barro de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)”</i>	24.935,99 €	5.236,56 €	30.172,55 €
5	IN421R-3534	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Parque de Maquinaria da Excma. Deputación de Pontevedra de tres puntos de recarga dobre de 44 KW cada un e de dous puntos simples de recarga de 50 KW cada un (Total 232 KW)”</i>	106.365,56 €	22.336,77 €	128.702,33 €
6	IN421R-3536	<i>Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Castelo de Soutomaior de dous puntos de recarga dobre de 44 kW cada un</i>	26.719,38 €	5.611,07 €	32.330,45 €
7	IN421R-3538	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar á Finca Mouriscade de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)”</i>	19.029,30 €	3.996,15 €	23.025,45 €
8	IN421R-3539	<i>“Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Viveiro de Empresas de Lalín dun punto de recarga dobre de 44 KW (Total 44 KW)”</i>	10.591,00 €	2.224,11 €	12.815,11 €

O proxecto foi redactado polo técnico Fernando Pérez Albalate Ingeniero Industrial Colexiado nº 5501 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Andalucía Occidental da empresa E-ADJUDICA, SL (B-72.375.025).



11.33504.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE DESEÑO, PRODUCCIÓN, TRANSPORTE, MONTAXE E DESMONTAXE, ALMACENAMENTO, MANTEMENTO E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS, DO “STAND” QUE REPRESENTARÁ A TURISMO RÍAS BAIXAS - DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA EN FEIRAS DE TURISMO DURANTE O ANO 2024.  
(Expte.2023076291)

O servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra, Turismo Rías Baixas, ten como fin, promover e potenciar todas as actividades que dalgunha maneira tendan ao fomento e desenvolvemento do turismo na provincia de Pontevedra, así como mellorar a imaxe turística dela, a través de diferentes accións e xestións. Un dos principais obxectivos dos xestores dun destino turístico é desenvolver mecanismos para posicionar de maneira eficiente o territorio co obxecto de atraer visitantes e turistas e que, a través do gasto destes, xeren competitividade ao tecido empresarial do destino. Entre as diferentes accións que se desenvolverán neste punto atópase a estratexia de feiras, seleccionando coidadosamente aqueles eventos nos que Turismo Rías Baixas - Deputación de Pontevedra, terá presenza. Por este motivo, debemos recuperar a promoción a través da asistencia a feiras turísticas que se celebren en puntos cunha fácil conectividade co noso destino, preferentemente por medios terrestres ou con boas conexións aéreas, coa finalidade de situar á nosa provincia coma un dos máis importantes focos de atención turística do territorio.

A elección das feiras ten un dobre sentido. Por unha parte, estamos ante feiras de proxección tanto nacional coma internacional, ás que asisten persoas do sector e cidadáns tanto nacionais coma internacionais, buscando coñecer mellor a nosa terra, o que nos permite chegar a ese público sen necesidade de saír da nosa comunidade. E por outro lado, co obxectivo de reforzar o destino Rías Baixas dentro do noso territorio, xa que non podemos esquecer que un perfil importante dos visitantes do destino Rías Baixas, está conformado por viaxeiro da nosa propia comunidade. Co cal, asistindo a estas feiras, pretendemos darlles a coñecer destinos cercanos e, probablemente descoñecidos para moitos viaxeiros galegos.

As actividades do Servizo de Turismo Rías Baixas baséanse na cooperación e no fomento do desenvolvemento económico e social do territorio provincial, tal como se sinala no artigo 36.1.d) da Lei de Bases de Réxime Local. A tal efecto, os obxectivos desta institución están encamiñados á promoción do turismo da nosa provincia no resto do territorio, co fin de consolidar un modelo de desenvolvemento turístico que consolide ás Rías Baixas como un destino sostible, inclusivo e intelixente. Con este fin, o servizo presentárase ás feiras de turismo propostas para acadar tal obxectivo.

Para a realización dos servizos que se pretenden, é necesario recorrer a empresas do sector que posúan a capacidade para realizar este tipo de servizos, debido á non disposición dos medios necesarios e suficientes por parte do Servizo de Turismo Rías Baixas. En consecuencia, atendendo a razóns de eficiencia técnica e organizativa, resulta necesaria a súa contratación externa cunha empresa con capacidade técnica, recursos e medios suficientes e axeitados co fin de garantir o cumprimento das especificacións técnicas do contrato.



En base ao exposto, con data 03 de xaneiro de 2024, a Deputada Delegada do servizo de Turismo Rías Baixas, dita Providencia de Inicio para a contratación do servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios, do Stand que representará a Turismo Rías Baixas - Deputación de Pontevedra en feiras de turismo durante o ano 2024. O contrato proposto ten un prazo de duración dende a súa formalización e ata o 31 de decembro do 2024, coa posibilidade de 3 prórrogas anuais, e un orzamento base de licitación de 83.305,67 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que con data 17/01/2024, Intervención emite documento de retención de crédito número 202400011875 polo importe de 83.305,67 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/433.4320.227.99 do vixente orzamento provincial.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 08/02/2024 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 13/02/2024, e informe complementario do servizo de Turismo Rías Baixas, de data 15/02/2024, respecto das observacións sinaladas no mesmo.

Visto que con data 15/02/2024 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe complementario do servizo de Turismo Rías Baixas, de data 06/03/2024, respecto da Providencia de Inicio do expediente.

Tendo en conta que, con data 07/03/2024 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 07/03/2024, coas seguintes observacións e recomendacións:

*“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

*A pesares de que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non fíxeren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.”*



Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificáanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios, do Stand que representará a Turismo Rías Baixas - Deputación de Pontevedra en feiras de turismo durante o ano 2024”.

O prazo de duración do contrato será dende a súa formalización e ata o 31 de decembro do 2024. Tendo en conta os prazos de formalización, é posible que no ano 2024 non sexa posible realizar tódalas feiras previstas con cargo a este procedemento de contratación.

Establecese a posibilidade de 3 prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 83.305,67 euros.

O valor estimado é de 275.390,64 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 7564N4ZPM91USF85) e de prescricións técnicas (CSV: H21DNGFPVQCG3HBL) que rexerán dita contratación.



3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 83.305,67 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/433.4320.227.99 do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato a Ruth González Reyes, xefa do servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

12.33505.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE O PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DO PATROCINIO DEPORTIVO DOS “PARTIDOS DA SELECCIÓN MASCULINA E FEMININA DE BALONMÁN”. (Expte.2024011399)

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón no seu artigo 36.1.d) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, e así mesmo o artigo 109.1.d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Entre os obxectivos que inclúe a Lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, as Deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

- Fomentar, promover e difundir o deporte.
- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
- Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Así mesmo, a Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade, define o contrato de patrocinio publicitario como “aquele polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador”.

A técnica de patrocinio pode definirse como un instrumento de comunicación comercial que conecta directamente á organización que patrocina, neste caso a Deputación de Pontevedra, cun acontecemento atractivo para os seus intereses institucionais, logrando así impacto entre un público determinado previamente definido que lle resulta de interese para conseguir os obxectivos fixados no seu plan de comunicación.



En base ao exposto, con data 28 de febreiro de 2024, o Presidente propón iniciar o expediente para a contratación do “Patrocinio deportivo dos partidos da Selección masculina e feminina de Balonmán”. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

O servizo de Deportes tamén informa na súa proposta que este contrato se levará a cabo en exclusividade coa Federación Galega de Balonmán (G36690832) que é a entidade que ten a exclusiva para co-organización do partido clasificatorio do Campionato de Europa feminino, entre España e Azerbaixán, e do partido clasificatorio do Campionato do Mundo masculino, entre España e Serbia.

Consta no expediente escrito da Real Federación Española de Balonmano na que se certifica que “(...) *Todo ello conlleva la exclusividad de la R.F.E.B.M., para organizar partidos y/o competiciones internacionales en España de los Equipos Nacionales en todas sus categorías, habiéndose delegado en la Federación Gallega de Balonmano la coorganización de los siguientes eventos:*

*- Partido clasificatorio Campeonato de Europa femenino, ESPAÑA-AZERBAIYAN el 07 de abril de 2024, en Porriño (Pontevedra).*

*- Partido clasificatorio Campeonato del Mundo masculino, ESPAÑA-SERBIA el 08 de mayo de 2024 en Lalín (Pontevedra).”*

Visto que con data 23 de febreiro de 2024, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202400037596 polo importe de 179.080,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/340.3410.226.02 do vixente orzamento provincial.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 29 de febreiro de 2024, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 04 de marzo de 2024, e as observacións contidas no mesmo.

Visto que con data 05 de marzo de 2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 08 de marzo de 2024, coas seguintes observacións e recomendacións:

*“1.- Con carácter xeral os contratos de patrocinio publicitario só deben estar destinados a patrocinar eventos ou entidades únicas, moi singulares e de prestixio, como é o presente evento, que revertan nun retorno publicitario real e efectivo para a Deputación evitando a discriminación por inexistencia de actividades ou eventos similares na provincia.*





*Neste senso sinalar que, a pesares do recollido na providencia de inicio do expediente, no que se pon de manifesto a singularidade dos eventos e que os retornos deportivos, publicitarios e económicos acadados pola Deputación son moi superiores a o prezo do patrocinio, dada a importancia e repercusión dos mesmos, tal como se recolle nas Instrucións para a tramitación dos expedientes de contratación da Deputación aprobadas por Resolución Presidencial núm. 2023001138, “Con carácter xeral o “retorno publicitario” implícito en todo patrocinio debe ir máis aló da mera inserción do nome ou logotipo da Deputación, resultando recomendable que se publicite a imaxe da provincia ou dos seus territorios (os seus valores históricos, culturais, deportivos, sociais, turísticos, etc.), ou a actividade prestacional despregada pola Deputación para posibilitar o seu coñecemento pola cidadanía, de acordo cos obxectivos fixados no artigo 3 da Lei 29/2005”.*

*2.- Asemade, con carácter previo ao recoñecemento da obriga e pago do patrocinio, deberá achegarse unha memoria do desenvolvemento da actividade xunto cos documentos que acrediten o efectivo cumprimento das medidas de publicidade e promoción comprometidas, cunha valoración do retorno publicitario efectivo e o orzamento final da actividade incluíndo a totalidade de gastos e ingresos, reflectindo outros posibles patrocinadores, así como, no seu caso, os ingresos por venda de entradas e calquera outro ingreso ou recurso vinculado ao evento.”*

Tendo en conta que, con data 08 de marzo de 2024, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o privado e que o procedemento a aplicar é o procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP).

Considerando que a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, no seu informe 13/2012 define con precisión a figura do contrato de patrocinio realizado por unha Administración Pública, no seguinte sentido:

*“Tiene por objeto una publicidad de carácter indirecto que se ha dado en llamar «retorno publicitario», y que consiste fundamentalmente en que el patrocinado permite que el patrocinador haga pública su colaboración económica en la actividad del patrocinado y también, si así se estipula, en que el patrocinado realice comportamientos activos con esa misma finalidad. El patrocinador a cambio disfruta de la notoriedad y de la resonancia de la actividad que desarrolla el patrocinado, con el fin de incrementar entre el público el conocimiento de su nombre o marca y de favorecer su imagen.*

*El patrocinado es una persona física o jurídica que no necesariamente tiene que desarrollar una actividad profesional, al contrario de lo que ocurre en el contrato de publicidad que se concierne con una agencia publicitaria, o en el contrato de difusión publicitaria, en el que el contratista necesariamente es un medio de difusión.*

*El contrato de patrocinio, aún en el caso de ser celebrado por una Administración Pública, tiene la consideración de contrato privado, pues el patrocinado, como se ha expuesto anteriormente no es una empresa dedicada a los servicios publicitarios, lo que excluye la posibilidad de considerarlo como contrato administrativo de servicios, y tampoco puede ser considerado como un contrato administrativo especial, ya que no resulta vinculado al giro o tráfico”.*



Considerando que a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, no Informe 7/2018, entende que neste caso non estamos ante un contrato de servizos, senón ante un contrato privado dos do artigo 26.1a) da LCSP, xa que o patrocinado non é unha empresa dedicada aos servizos publicitarios, o que exclúe a posibilidade de consideralo como administrativo de servizos e tampouco pode ser considerado como administrativo especial, xa que as súas prestacións non están vinculadas ao xiro ou tráfico da administración, non satisface de forma directa ou inmediata unha finalidade pública específica. Asemade, conclúe que a súa adxudicación pode facerse mediante un procedemento negociado sen publicidade ao amparo artigo 168a) 2º da LCSP, ou tratarse como contrato menor.

Outro aspecto relevante nos contratos de patrocinio é a valoración do retorno que coa actividade se consegue pola Deputación. Neste sentido a Sentenza de 22.01.2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 de Oviedo anula un contrato de patrocinio por tratarse dunha subvención encuberta xa que non se trataba realmente dun contrato de patrocinio (incoado mediante un procedemento negociado sen publicidade), senón que se pretendía apoiar unha determinada actividade que a administración consideraba favorable para os intereses públicos.

Considerando a Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade define no artigo 22 contrato de patrocinio publicitario como aquel por o que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador. Polo tanto, o patrocinado non exerce a publicidade como actividade profesional, senón que a súa contraprestación se centra na realización da súa actividade, durante a que leva a cabo a publicidade e a cambio recibe unha contraprestación económica.

Considerando o artigo 26 LCSP, os contratos privados que celebren as Administracións Públicas rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1.ª e 2.ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da Lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. No que respecta a o seu efectos, modificación e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo dos “*Partidos da Selección masculina e feminina de Balonmán*”.

O prazo de duración comprende dende a formalización do contrato ata o 12 de maio de 2024, incluíndo os seguintes eventos a patrocinar:

- Partido clasificatorio Campionato de Europa feminino, ESPAÑA-AZERBAIYAN, o 7 de abril de 2024, en Porriño (Pontevedra).
- Partido clasificatorio Campionato do Mundo masculino, ESPAÑA-SERBIA, o 8 de maio de 2024, en Lalín (Pontevedra).

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 179.080,00 euros.

O valor estimado é de 148.000,00 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 0WU4D6N7V9N5UOOP) e de prescricións técnicas (CSV: 6N41J7RRE8J6SR6O) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 179.080,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/340.3410.226.02 do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato a xefatura da sección de Deportes da Deputación de Pontevedra; ou persoa en quen delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde o día seguinte ao envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL).



13.33506.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ENSILADO, SEMENTADO, APLICACIÓN DE HERBICIDA, ABONADO E ROZA DAS PARCELAS DA FINCA DE MOURISCADE. (Expte.2023069636)

A Finca de Mouriscade ten como un dos seus obxectivos mellorar a calidade das explotacións gandeiras da provincia a través do servizo de transferencia embrionaria. Este servizo de transferencia de embrións lévase a cabo mediante a extracción de embrións dos animais que hai na propia finca, debido a que son de alta cualificación xenética, e implántanse nas explotacións gandeiras da provincia que así o requiran, sendo de aplicación os prezos públicos vixentes.

O programa de mellora xenética desenvolvido na Finca Mouriscade ten como finalidade mellorar as condicións do sector primario, facendo explotacións cada vez máis eficientes, o que facilita a fixación de poboación no rural. Este programa lévase prestando dende fai moitos anos polo que existe unha estreita relación entre gandeiros, cooperativas e empresas do sector, podendo anticipar e adaptar o programa as cambiantes necesidades do sector.

Este gando aliméntase mediante compras directas de produtos alimenticios e tamén mediante a colleita dos forraxes que producen as parcelas da propia finca.

A produción de forraxe é estacional, habendo épocas (fundamentalmente primavera) nas que os animais non consumen toda a forraxe existente, e outras nas que a produción de forraxe (verán e inverno) non é suficiente para a alimentación dos animais. Por este motivo hai que recoller, almacenar e conservar adecuadamente o excedente de forraxe de determinadas épocas do ano para despois usalo nas épocas en que escasea ou simplemente non hai forraxe.

Un método de almacenamento e conservación de forraxe é o ensilado, que basicamente consiste na corta, presecado, recollida e picado da forraxe e transporte a un lugar onde se amontoa para ser compactado adecuadamente eliminando, o máximo posible, o aire e despois tapase mediante unha lámina plástica procurando evitar a entrada de aire para que, en ausencia de osíxeno, se produza unha fermentación anaeróbica que fai que ese forraxe se conserve durante moito tempo e sexa apetecible para que os animais e teñan alimento durante todo o ano. Así recolleita do forraxe debe de facerse na época óptima.

A Deputación de Pontevedra carece dos medios materiais e humanos necesarios para a realización deste servizo, polo que é necesario acudir a unha contratación externa.

Por todo o exposto en data 17/11/2023 a Xefa do servizo de Medio Ambiente coa conformidade do Deputado delegado informa que coa finalidade de alimentar os animais existentes na Finca Mouriscade, é necesario iniciar a contratación dunha serie de traballos con maquinaria especializada e suficiente nas parcelas dedicadas a cultivo.



Por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 19 de xaneiro de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de ensilado, sementado, aplicación de herbicida, abonado e roza das parcelas da finca Mouriscade.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23 de xaneiro de 2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa sesión do día 22 de febreiro de 2024, procedeu á apertura electrónica da documentación presentada no sobre único, correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos que presentan as empresas: Murat construción y mantenimiento S.L.U. (CIF B-15.923.956) e Servicios agroindustriales Bascuas S.L. (CIF B-36.408.987), que resultan admitidas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Empresas	Prezo total ofertado (sen IVE)	IVE (10 %)	Prezo total ofertado (IVE engadido)
Murat construción y mantenimiento S.L.U.	37.052,72 €	3.705,27 €	40.757,99 €
Servicios agroindustriales Bascuas S.L.	44.834,20 €	4.083,42 €	44.917,62 €

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, a puntuación obtida polas empresas é a seguinte:

Empresas	Puntuación prezo ofertado Max 100 puntos	Puntuación total
Murat construción y mantenimiento S.L.U.	51,281	51.281
Servicios agroindustriales Bascuas S.L.	0,00	0,00

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, a Mesa de Contratación, na mesma sesión, aprobou a clasificación das ofertas presentadas e acordou propoñer ao órgano de contratación adxudicación do contrato á empresa Murat construción y mantenimiento S.L.U. (CIF B-15.923.956) que alcanzou a maior puntuación total.

A Mesa de Contratación comprobou que a empresa Murat construción y mantenimiento S.L.U., proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, está debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar. Asemade, facultou ao secretario da Mesa para que procedera a requirirille, mediante comunicación electrónica, para que presentara o resto da documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



Con data 23/02/2024, o secretario da Mesa de Contratación, requiriu á empresa Murat construcción y mantenimiento S.L.U., para que remitise a referida documentación no prazo de 7 días hábiles a contar desde o seu envío (Rexistro saída NOT2024004301 do 26/02/2024).

Con data 5 de marzo de 2023, a empresa proposta para a adxudicación presentou a documentación requirida na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada REX\_WEB2024015415 ), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 1.852,64 € (carta de pago número operación 202400054130 , do 6/03/2024).

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato para a prestación do “*Servizo de ensilado, sementado, aplicación de herbicida, abonado e roza das parcelas da Finca de Mouriscade*” á empresa Murat construcción y mantenimiento S.LU. (CIF B-15.923.956), polo importe sen IVE 37.052,72€, 10% de IVE (3.705,27€) o que fai un total 10% de IVE engadido de 40.757,99€.

E de acordo cos seguintes prezos unitarios:

LIN	Servizo	Cant.	Prezo unitario sen IVE
1	Ensilado de herba	50 Ha	413,14€/Ha
2	Sementado de millo	18 Ha	112,06€/Ha
3	Ensilado de millo	18 Ha	350,25€/Ha
4	Sementado de herba	20 Ha	112,06€/Ha
5	Aplicación de herbicida	36 Ha	48,73€/Ha
6	Carga e espaxado do esterco producido na Finca Mouriscade.	800 M <sup>3</sup>	2,36€/M <sup>3</sup>
7	Roza das marxes das parcelas que integran a Finca Mouriscade	10 Km	219,14€/Ha

O prazo de duración do contrato é dun ano, a contar desde a firma do contrato, prevéndose a posibilidade de dúas prórrogas anuais.



As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/410.4120.227.99, do vixente orzamento provincial.

As obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra serán as que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro do contrato, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa adxudicataria. A adxudicación farase en base aos prezos unitarios.

Forma de pagamento: parcial.

O pago dos servizos realizarase de forma parcial, contra a presentación das correspondentes facturas, logo da súa comprobación e verificación pola persoa responsable do contrato.

A estes efectos cada servizo entregarse co correspondente albará no que se identificará claramente o tipo e a cantidade das prestacións realizadas.

O importe a pagar por cada servizo obterase da multiplicación do numero de unidades realizadas polo prezo unitario, ao que se lle aplicará a porcentaxe de baixa obtida en función do prezo total ofertado pola empresa adxudicataria.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023069636	
Órgano xestor:	LA006120	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Medio Ambiente ou persoa en quen delegue.



2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

14.33507.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN E LIMPEZA DA COCIÑA E COMEDOR, PARA O CAMPAMENTO DE A LANZADA 2024. (Expte.2023062397)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 22/12/2023, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do Servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor, para o campamento da Lanzada 2024, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 03/01/2024. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 01/02/2024, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliabile mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

Recibido informe do servizo de Xuventude e Reto Demográfico, de data 08/02/2024, (CSV: B39TS9OMUU12SSYY a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 22/02/2024, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliabile mediante criterios automáticos, das dúas empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliabile mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento.





Unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 29/02/2024, acordou clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas admitidas e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, S.L. (B27831783), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2024001804, de data 04/03/2024, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, S.L. (B27831783), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, S.L. (B27831783) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2024016159 de data 08/03/2024), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 7.750,00 € (carta de pago núm. operación 202400065088, do 08/03/2024).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación á empresa OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. (CIF: B70493275), que obtén 11 puntos na valoración do sobre “B”, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, por non alcanzar a puntuación mínima de 21,5 puntos esixida neste sobre para continuar no procedemento, segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego administrativo.



2.- Adxudicar o contrato de “Servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor, para o campamento da Lanzada 2024” á empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, S.L. (B27831783), polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte:

- Prezo:

Prezo sen IVE:	155.000,00 €
IVE (10%):	15.500,00 €
Prezo total:	170.500,00 €

- Acreditación dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN ISO 9001 ou equivalente, ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato.

Criterios	SI	NON
A empresa acredita a disposición dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN ISO 9001 ou equivalente, ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato.	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

- Acreditación dun “Sistema de xestión de seguridade alimentaria”, Certificación ISO 22000 ou equivalente.

Criterios	SI	NON
A empresa acredita a disposición dun sistema de xestión de seguridade alimentaria, Certificación ISO 22000 ou equivalente, ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato.	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

- Oferta da empresa de empregar materiais biodegradables para envolver os menús en frío e picnic.

Criterios	SI	NON
A empresa oferta o emprego de materiais biodegradables para envolver os menús en frío e picnic.	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

- Oferta da posibilidade de repetir pratos nos menús da comida e cea a un mínimo do 20 % dos nenos/as e monitores/as.

Criterios	SI	NON
A empresa oferta a posibilidade de repetir pratos nos menús da comida e cea a un mínimo do 20 % dos nenos/as e monitores/as.	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

**Financiación:** As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2024 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/233.3370.227.20 do vixente orzamento provincial.



Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento realizarase unha vez finalizada cada unha das 11 quendas reflectidas no PPT, coa presentación da correspondente factura, unha vez presentada a conformidade da persoa responsable do contrato, acompañando a documentación esixida no PPT.

A factura acompañarase da seguinte documentación:

- Menú de cada un dos días de duración do campamento.
- Relación de consumo de produtos alimenticios (copia dos albarás)
- Informe de avaliación e seguimento no que se inclúan o número de persoas con alerxias, dietas, intolerancias alimentarias, etc.
- Cuadrante de persoal onde figure o nome, apelidos e categoría profesional.
- Informe de incidencias e proposta de solución e melloras.
- Fotografía dos menús diarios incluídos os picnic.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2023062397		
Órgano xestor:	LA0029878	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Begoña Estévez Bernárdez, xefa do servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

**15.33508.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DA CONCESIÓN DEMANIAL DA RESIDENCIA DO COMPLEXO DO PAZO DE SOUTOMAIOR E CANON CONCESIONAL DO EXERCICIO 2024. (Expte.2020052672)**

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión do 18 de marzo de 2009, adjudicou o contrato de concesión demanial da residencia do complexo do Pazo de Soutomaior á empresa Ramysan Restauración S.L. (CIF:B-27.721.968) para dedicalo a establecemento de hostalaría, por un período inicial de quince (15) anos e un canon actualizable anualmente segundo variacións porcentuais que experimente o índice de prezos ó consumo (IPC) nos doce meses inmediatos anteriores.

Resultando que o contrato da concesión formalizado entre a Deputación e a empresa establece a data de inicio da concesión en data 01/04/2009, polo que o vencemento da concesión quedou establecido data 01/04/2024.

Resultando que a Xunta de Goberno da Deputación en sesión do 22/01/2021, acordou unha suspensión temporal da concesión con motivo da crise do COVID-19 e en sesión do 23/04/2021 acordou finalizar dita suspensión temporal, reiniciar a mesma e ampliar o prazo da concesión no período correspondente á duración efectiva da suspensión temporal, quedando establecido o novo vencemento da concesión en data 17/08/2024.

Resultando que a empresa Ramysan Restauración S.L., adjudicataria do contrato de concesión a través de escrito (CSV 9AT7RNL81EYYA1UG) solicitou unha prórroga do contrato da concesión por un prazo máximo de setenta e cinco días con vencemento o día 31/10/2024.

Visto o informe do técnico adxunto á xefatura de servizo de Contratación Facenda e Patrimonio de data 15/02/2024 (CSV: 2VPXY2PI8CQ8PN4X), que conta co conforme da Secretaría Xeral, que textualmente di o seguinte:

*(...) 3. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS*

*Da análise do expediente de outorgamento da concesión tramitado no seu día dedúcese que a concesión demanial aprobada no seu día estableceuse para unha duración inicial de 15 anos podendo prorrogarse por cinco máis, dacordo co previsto na cláusula segunda do prego de cláusulas económico-administrativas que rexeu a concesión, e a mesma cláusula do contrato asinado entre as partes. Por tanto a duración da posible prórroga quedou establecida nun máximo de 5 anos.*



*A cláusula segunda do contrato da concesión establece o inicio da concesión en data 01/04/2009, polo que o vencemento da mesma se produciría en data 01/04/2024. Con todo, con motivo da crise do COVID-19, e tal e como se expón nos antecedentes a Deputación acordou unha suspensión temporal da concesión, que unha vez rematada, tivo como consecuencia unha ampliación do prazo concesional, quedando establecida a nova data do vencemento da concesión no día 17/08/2024.*

*Respecto á prórroga da concesión o prego administrativo establece a posibilidade dunha prórroga cunha duración máxima de 5 anos. En consecuencia tendo en conta a posibilidade recollida no prego de acordar unha prórroga máxima de 5 anos, considérase axustado a dereito a posibilidade de acordar dita prórroga por un prazo inferior, neste caso, setenta e cinco (75) días, co que quedaría establecida a data de finalización de concesión o día 31/10/2024.*

*Por último, en relación ó canon anual da concesión a pagar polo adxudicatario correspondente á anualidade 2024, deberá efectuarse o axuste proporcional ó número de días efectivos de duración da concesión unha vez sexa efectivo o acordo de autorización da prórroga.*

#### 4. CONCLUSIÓN:

*Polo exposto no presente informe, semella axustado a dereito autorizar unha prórroga do contrato de concesión demanial da Pousada-residencia do complexo do Castelo de Soutomaior á empresa adxudicataria Ramysan Restauración S.L., polo prazo solicitado de setenta e cinco días.*

*Tendo en conta que o vencemento da concesión quedou establecida en data 17/08/2024, en caso de autorizarse dita prórroga a nova data de vencemento quedaría establecida en data 31/10/2024.*

*Respecto ó canon anual da concesión a pagar polo adxudicatario correspondente á anualidade 2024, unha vez adoptado o acordo de autorización da prórroga, deberá efectuarse o axuste do importe do canon concesional do ano 2024 exixible á empresa adxudicataria en proporción ó número de días efectivos de duración da concesión en dita anualidade, que sería dun total de 10 meses (período comprendido desde o 01/01/2024 ata o 31/10/2024)”.*

Visto o informe complementario do técnico adxunto á xefatura de servizo de Contratación Facenda e Patrimonio de data 06/03/2024 (CSV:3ZKMIA1ANYATMWM8), que conta co conforme da Viceinterventora, relativo o cálculo do canon da concesión correspondente ó ano 2024 que textualmente di o seguinte:

*“(…) O prego de condicións económico-administrativas que rexeu a adxudicación do contrato da concesión establece na cláusula 18 que o canon anual da mesma actualízase anualmente según variacións porcentuais que experimente o índice de prezos ó consumo nos doce meses inmediatos anteriores.*

*A Xunta de Goberno da Deputación en sesión do 22 de setembro de 2023 aprobou o importe do canon da concesión correspondente á anualidade 2023 (actualizado actualizado en función da variación do IPC do exercicio 2022) quedando establecido nun total de 151.685,82 €*



O canon correspondente ó exercicio 2024 será o resultado de actualizar o canon 2023 en función da variación do IPC nos doce meses anteriores (decembro 2022-decembro 2023), resultando o importe seguinte:

Canon 2023	variación IPC (dic 2022-dic 2023)	Canon 2024 (actualizado IPC 2023)
151.685,82 €	3,1 %	156.388,08 €

(1) fonte: "Variación del Índice General Nacional según el sistema IPC base 2021 desde Diciembre de 2022 hasta Diciembre de 2023" - Instituto Nacional de Estadística:

<https://www.ine.es/varipc/verVariaciones.do?idmesini=12&anyoini=2022&idmesfin=12&anyofin=2023&ntipo=1&enviar=Calcular>

Polo exposto no presente informe, o canon anual da concesión correspondente ó exercicio 2024 (actualizado en función da variación do IPC do exercicio 2023), tendo en conta a prórroga da concesión, e o vencemento da mesma en data 31/10/2024 é o seguinte:

$$\text{Canon anual 2024: } 156.388,08 \text{ €} \times \frac{10}{12} \text{ meses}^{(1)} = 130.323,40 \text{ €}$$

(1) de 01/01/2024 a 31/10/2024

O ingreso correspondente imputarase ó concepto de ingresos 24/433.339.00 do vixente orzamento provincial".

Considerando que o acordo de adjudicación da concesión demanial da residencia do complexo do pazo de Soutomaior foi adoptado pola Xunta de Goberno en sesión do 18/03/2009, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- aprobar a prórroga do contrato de concesión demanial da residencia do complexo do Pazo de Soutomaior por un prazo de setenta e cinco días a contar desde o 17/08/2024, quedando establecida a nova data de vencemento da concesión na data 30/10/2024.

Segundo.- aprobar o canon anual 2024 da concesión demanial da residencia do complexo do Pazo de Soutomaior (actualizado en función da variación do IPC do 2023) polo período comprendido entre o 01/01/2024 e 31/10/2024, por importe total de 130.323,40 €, co detalle seguinte:

$$\text{Canon anual 2024: } 156.388,08 \text{ €}^{(1)} \times \frac{10}{12} \text{ meses} = 130.323,40 \text{ €}$$

(1) Actualización IPC 2023 canon :

Canon 2023	variación IPC (dic 2022-dic 2023)	Canon 2024 (actualizado IPC 2023)
151.685,82 €	3,1 %	156.388,08 €

O ingreso correspondente imputarase ó concepto de ingresos 24/433.339.00 do vixente orzamento provincial.



16.33509.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE ARTIGOS E PRODUTOS DE DROGUERÍA, ASEO PERSOAL E LIMPEZA E PRODUTOS DE LAVADO INDUSTRIAL PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE. (Expte.2022058149)

Na sesión ordinaria do día 17 de marzo de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe* á empresa Darlim, S.L. (NIF: B-36.612.562) polos seguintes prezos e valores ofertados:

a. Prezo ofertado para dúas anualidades:

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	27.593,00 €	2.794,53 €	33.387,53 €
Lote 2	16.622,45 €	3.490,71 €	20.113,16 €

Os contratos formalizáronse en documentos administrativos de data 18 de abril de 2023 para os Lotes 1 e 2 e o prazo de duración é de un ano a partir da data que conste no documento de formalización do contrato, con posibilidade de dúas (2) prórrogas anuais.

Con data 29 de xaneiro de 2024 a Xefa de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos de 18 de abril de 2024 ata o 17 de abril de 2025.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 23 de xaneiro de 2024, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que, con data 7 de febreiro do 2024, a Intervención emitiu documentos de retención de crédito cos números de operación 202400030459 para o Lote 1 e 202400030462 para o Lote 2, polos importes de 25.040,65 euros e 15.084,87 euros respectivamente, con cargo á aplicación orzamentaria 24/232.2312.221.10, e documentos de retención de crédito para exercicios futuros con números de operación 202400030468 para o Lote 1 e 202400030472 para o Lote 2, polos importes de 8.346,88 euros e 5.028,29 euros respectivamente, con cargo á aplicación orzamentaria 25/232.2312.221.10, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2024 e 2025.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 5 de marzo do 2024, que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe dos responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de “Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe” por unha anualidade, desde o 18 de abril do 2024 ao 17 de abril do 2025.*

*O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 17 de abril de 2024.”*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do contrato de “Subministración de artigos e produtos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe” subscrito coa empresa Darlim, S.L. (NIF: B36612562), durante o período 18 de abril de 2024 ata o 17 de abril de 2025, ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

LOTE	ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (CON IVE)
LOTE 1	2024 (8 meses e 13 días)	24/232.2312.221.10	23.464,02 €
	2025 (3 meses e 17 días)	25/232.2312.221.10	9.923,51 €
LOTE 2	2024 (8 meses e 13 días)	24/232.2312.221.10	14.135,08 €
	2025 (3 meses e 17 días)	25/232.2312.221.10	5.978,08 €

O importe de gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2025 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.





17.33510.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE LAVANDERÍA NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2022063813)

Na sesión ordinaria do día 24 de marzo de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de lavandería no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra* á empresa Elis Manomatic, S.A.U. (NIF: A-08.205.056) polos seguintes prezos e valores ofertados:

a. Prezo ofertado para dúas anualidades:

TIPO DE ROUPA	Prezo adxudicación por lavado/ud (sen IVE)
Sabana baixeira de cama	0,629 €
Sabana encimeira de cama	0,629 €
Funda almofada de cama	0,240 €
Colcha de cama	1,118 €
Manta de cama	2,096 €
Toalla de lavabo	0,270 €
Toalla ducha	0,589 €
Sabana baixeira de berce	0,629 €
Sabana encimeira berce	0,629 €
Colcha berce	1,118 €

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 27 de abril de 2023 e o prazo de duración é de un ano a partir da data que conste no documento de formalización do contrato, con posibilidade de unha (1) prórroga anual.

Con data 30 de xaneiro de 2024 a Xefa de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos de 1 de maio de 2024 ata o 30 de abril de 2025.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 23 de xaneiro de 2024, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.



Tendo en conta que, con data 5 de febreiro do 2024, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 202400029324, polo importe de 64.986,35 euros, con cargo á vinculación da aplicación orzamentaria 24/232.2312.227.99, e documento de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202400029325, polo importe de 32.493,18 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/232.2312.227.99, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2024 e 2025.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 6 de marzo do 2024, que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe dos responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de “Servizo de lavandería no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra” por unha anualidade, desde o 1 de maio do 2024 ao 30 de abril do 2025.*

*O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 30 de abril de 2024.”*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do contrato do servizo “*Servizo de lavandería no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*” subscrito coa empresa Elis Manomatic, S.A.U. (NIF: A08205056), durante o período 1 de maio de 2024 ata o 30 de abril de 2025, ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (CON IVE)
2024 (8 meses)	24/232.2312.227.99	64.986,35 €
2025 (4 meses)	25/232.2312.227.99	32.493,18 €
		<b>TOTAL</b>
		97.479,53 €

O importe de gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2025 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.



18.33511.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expdes.2024016592 e 2024016539)

a) Vista a relación de facturas con número 2024016592, que contén 18 facturas e por un importe de 42.502,13€ e con CSV: WTGJMPKTP7XDX3I1, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 07/03/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	40.608,11€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	1.894,02€
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	42.502,13€

B) Vista a relación de facturas con número 2024016539, que contén 13 factura e por un importe de 2.413,93€, e con CSV: UPOXT2BGYFHECVAN, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 07/03/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total .....	2.413,93 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible .....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos .....	0,00 €
Outros descontos .....	0,00 €
Total líquido .....	2.413,93 €



19.33512.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “EXPLOTACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE E DAS DE DEPURACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL OUTEDA - CURRO (EDAR - ETAP) (BARRO)”(Expte.2021055522). (Devogarán 2024001888)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 24 de xaneiro de 2020 (CSV.- FDQY5Q7RTQ4MJELB), adxudicouse, mediante procedemento negociado, sen publicidade e exclusividade, a contratación do “*Servizo de explotación, mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do Polígono Industrial Outeda-Curro, en Barro*”. (Núm. Expte. 2021055522)

Para responder da realización deste servizo, a empresa ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (B-70248869), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (B-70248869)	5.959,66€	202200032854	18/02/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Asistencia Intermunicipal (CSV.- QP8TRNDQ7REYN4), no cal indica que procede a devolución da garantía depositada no seu día pola empresa ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L., constituída para responder da adxudicación do contrato “*Servizo de explotación, mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do Polígono Industrial Outeda-Curro, en Barro*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- CZ0KHZ6BLVS2OLVC), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (B-70248869), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de explotación, mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do Polígono Industrial Outeda-Curro, en Barro*” (Núm. Expte. 2021055522), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, pola entidade mercantil ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (B-70248869), para responder de dito contrato, por importe de 5.959,66€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 18/02/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200032854.

**20.33513.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA VIAJES IBERIA, S.A.U., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS CORRESPONDENTES A “<SAÚDE E BENESTAR 2011 E 2012>, <SEMANAS BRANCAS 2011> E <COÑECE A TÚA PROVINCIA 2012>” (Devogarán 2023063565)**

Por certos acordos adoptados pola Xunta de Goberno ao longo dos anos 2011 de 2012, adxudicouse, mediante procedementos abertos, as contratacións dos seguintes expedientes:

- Servizos de organización e desenvolvemento do programa “*Semanas Blancas 2011*”.
- Servizos de organización e desenvolvemento do programa “*Saúde e Benestar 2011*”.
- Servizos de organización e desenvolvemento do programa “*Saúde e Benestar 2012*”.
- Servizo de organización do programa “*Coñece a túa Provincia 2012*”.

Para responder da realización destes servizos, a empresa Viajes Iberia, S.A.U. (A-07001415), constituíu na Tesourería desta Deputación, as garantías definitivas equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación de ditos contratos, que foron as seguintes:

Empresa	Programa	Importe	Carta Pago	Entidade Bancaria	Data
VIAJES IBERIA, S.A.U. (A-07001415)	Semanas Blancas 2011	16.666,80€	201100002642	Caja Madrid	17/01/2011
	Saúde e Benestar 2011	7.998,00€	201100005272	Caja Madrid	01/02/2011
	Saúde e Benestar 2012	5.000,00€	201200050622	BANKIA	02/07/2012
	<i>Coñece a túa Provincia 2012</i>	5.722,31€	201200087825	CAM	08/11/2012



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.- YY8UY4RZNCJZWXRM), no cal sinala que a entidade mercantil VIAJES IBERIA, S.A.U. (A-07001415), no cal sinala que finalizado o contrato referido e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía esixida, (...) o que procede é a devolución da mesma a fin de evitar futuras reclamacións por parte do adxudicatario (...).

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- LUQC9EL7UYZYGS9G), no cal indica que existen na caixa da Deputación as constitucións por parte da entidade mercantil VIAJES IBERIA, S.A.U. (A-07001415), das garantías definitivas con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as liquidacións dos seguintes contratos:

- Servizos de organización e desenvolvemento do programa “*Semanas Blancas 2011*”.
- Servizos de organización e desenvolvemento do programa “*Saúde e Benestar 2011*”.
- Servizos de organización e desenvolvemento do programa “*Saúde e Benestar 2012*”.
- Servizo de organización do programa “*Coñece a túa Provincia 2012*”.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil VIAJES IBERIA, S.A.U. (A-07001415), por resultar adxudicataria de ditos contratos, que son as seguintes:

- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *CAJA MADRID*, por importe de dezaseis mil seiscientos sesenta e seis euros con oitenta céntimos (16.666,80 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 17/01/2011, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201100002642.
- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *CAJA MADRID*, por importe de sete mil novecentos noventa e oito euros (7.998,00€), que foi depositada na Tesourería Provincial o 01/02/2011, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201100005272.
- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANKLA*, por importe de cinco mil euros (5.000,00€), que foi depositada na Tesourería Provincial o 02/07/2012, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201200050622.
- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO CAM*, por importe de cinco mil setecientos vinte e dous euros con trinta e un céntimo (5.722,31€), que foi depositada na Tesourería Provincial o 08/11/2012, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201200087825.



21.33514.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, VIAJES HALCÓN, S.A., PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO AO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PLAN DEPOTERMAL 2023 (LOTES 1 E 2). (Expte. 2022060754). (Devogarán 2024003834)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 31 de marzo de 2023 (CSV.- CI5FSYW2RIMM778Z), adxudicouse, mediante procedemento aberto, a contratación do “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do plan DEPOTERMAL 2023 (Lotes 1 e 2)*”. (Expte. 2022060754).

Para responder da realización deste servizo e da súa modificación, a empresa VIAJES HALCON, S.A. (A-10005510), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas garantías definitivas polos importes equivalentes ao 5% do prezo de adxudicación e o equivalente na modificación, que son os seguintes:

EMPRESA	LOTE	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
VIAJES HALCON, S.A. (A-10005510)	1	12.857,00€	202300064103	23/03/2023
	2	60.822,50€	202300064102	23/03/2023

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico (CSV.- ZJUOOEGYWAA9UCZ9), no cal sinala que a empresa VIAJES HALCON, S.A., cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato, cumprindo estritamente as condicións técnicas exixidas, polo que non se procedeu á aplicación de penalidades.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 6Q1HHGXU5PVT2NOF), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil VIAJES HALCON, S.A. (A-10005510), dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe e da súa garantía complementaria, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do plan DEPOTERMAL 2023 (Lotes 1 e 2)*” (Expte. 2022060754), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil VIAJES HALCON, S.A. (A-10005510), por resultar adxudicataria dos lotes 1 e 2 dos que estaba composto este contrato, que son as seguintes:

- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de CRÉDITO E CAUCIÓN “Certificado de seguro de caución núm. 4.288.723“, por importe de doce mil oitocentos cincuenta e sete euros (12.857,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 23/03/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300064103.
- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de CRÉDITO E CAUCIÓN “Certificado de seguro de caución núm. 4.288.688“, por importe de sesenta mil oitocentos vinte e dous euros con cincuenta céntimos (60.822,50 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 23/03/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300064102.

22.33515.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE VALGA Á SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS OU EXECUCIÓN DE OBRAS DE MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA (Expte.2022045428)

#### ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 13 de maio de 2022 acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para a “Redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora” (expte.2022023348), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 96, de data 20 de maio de 2022. Este plan elabórase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.

Segundo.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 2 de decembro de 2022 adxudicoulle ao Concello de Valga unha subvención por un importe máximo de 5.490,00 €. Esta subvención financiarase de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo ás aplicacións 22/456.9420.762.10/21 e 22/456.9420.762.10.

Terceiro.- O Concello de Valga, o día 28 de decembro de 2022 registrou na sede dixital da Deputación de Pontevedra a comunicación de renuncia á subvención, asinada polo Alcalde.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

Estas subvencións réxense polo disposto nas propias bases da convocatoria e supletoriamente pola Lei 38/2003, de 17 de novembro (base vixésima).

Na base 25- Normas xerais reguladoras das subvencións- das de execución do orzamento en vigor recollese así mesmo o réxime xurídico sinalando que está constituído por:

“a. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu regulamento aprobado por R. d. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).

b. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).





- c. *Lexislación básica do Estado reguladora da Administración local (artigo 72 da Lei 7/85, de 2 de abril, LRBRL e artigos 40,189.2 e 214.2 do R.d.l. 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL).*
- d. *Normativa europea (Tratado constitutivo da Unión Europea, artigos 87 a 89 e R.d. 1755/87, de 23 de decembro, e disposicións concordantes).*
- e. *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, OXSDEPPO”.*

2ª O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas regula o desestimento das solicitudes e a renuncia dos dereitos por parte dos interesados. Nos puntos 1,3 e 4 preceptúa que:

*“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar os seus dereitos.*

*3. Tanto o desestimento como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.*

*4. A Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, habéndose persoado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados do desistimento ou da renuncia.”*

Segundo a certificación remitida polo Concello e que consta no expediente, a subvención foi solicitada e aprobada polo alcalde do Concello (Resolución 200 de 8/04/2021). Así mesmo a solicitude de renuncia está asinada polo alcalde.

3ª O artigo 63.2 do regulamento da Lei xeral de subvencións aprobado por R.d. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), establece que se acordará por resolución tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desestimento, a renuncia o dereito ou a imposibilidade material sobrevida.

Non concorren neste suposto as circunstancias previstas no punto 3 do antedito artigo, isto é, non se desestimaron solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiario, non se estimaran por superarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, con indicación da puntuación outorgada a cada una delas en función dos criterios de valoración previstos na mesma. Por este motivo non se tramita a concesión a ningún outro interesado.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais, con data de 19 de xaneiro de 2024 (CSV: TSFXT9MKJQAEQZWJ) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data de 15 de febreiro de 2024 (CSV: OW739VL1QJ6XALW6), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia do Concello de Valga á subvención por importe máximo de 5.490 € concedida pola Xunta de Goberno en sesión de 21 de outubro de 2022 con destino á redacción do proxecto de “*Creación de senda peonil e ciclable dende o lugar de Castiñeiras ata o núcleo de Ponte Valga*”.



Segundo.- En consecuencia, deixar sen efecto a disposición de crédito correspondente e declarar concluso o procedemento.

Terceiro.-Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Valga*, Intervención, e o Servizo de Infraestruturas e Vías provincias

**23.33516.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á SOCIEDADE DEPORTIVA JUVENIL PUENTEAREAS PARA “TORNEO FÚTBOL INFANTIL VILA DO TEA” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 28 DE XULLO DE 2023 (Expte.2023023481)**

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 24.01.23 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 (Expte.2023001814). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 29 do 10/02/23.

Segundo.- En data 27/03/23 Pedro Andrés Alfaro Troncoso, en representación da SDJ PUENTEAREAS (NIF: G36195550) presenta solicitude para o “Torneo Fútbol Infantil Vila do Tea”, achegando un orzamento da actividade por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- En data 28/07/23 procédese á publicación no BOPPO núm. 150 de 04/08/23 a relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 e no que figura a SDJ PUENTEAREAS (NIF: G36195550) e na contía de 651,48 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 02/03/24 Pedro Andrés Alfaro Troncoso, en representación da SDJ PUENTEAREAS (NIF: G36195550) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida sinalando a causas internas do club.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 06/03/24 a renuncia presentada pola SDJ PUENTEAREAS (NIF: G36195550).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.



- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.



Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola SDJ PUENTEAREAS (NIF: G36195550) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 651,48 € para a realización da actividade do “*Torneo Fútbol Infantil Vila do Tea*” (documento co CSV: MEMQP9D5HNSUTEB1).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

24.33517.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN BARCOS CLÁSICOS DE VELA LIXEIRA PARA “ÁMBITO NÁUTICO (VELA)” (Expte. 2023028621)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 03 de marzo aprobou as bases reguladoras de subvencións para a “Clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades de piragüismo, remo e vela que participan en competicións oficiais no ano 2023” (acordo 14.32350) publicadas no BOPPO núm. 53 de 16 de marzo de 2023.

Segundo.- En data 14/04/2023 Ricardo Salgado Rodríguez, en representación da ASOC. BARCOS CLÁSICOS DE VELA LIXEIRA (NIF: G10509669) presenta solicitude para o “ámbito náutico (vela)”, achegando un orzamento por importe de 19.350,00 €.

Terceiro.- En data 04/08/2023 procédese á publicación no BOPPO núm. 150 de 04/08/2023 e posteriormente publícase corrección de erros do anuncio anterior no BOPPO 151 de 07 de agosto de 2023, a relación de subvencións concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades de piragüismo, remo e vela que participan en competicións oficiais no ano 2023 e no que figura a ASOC. BARCOS CLÁSICOS DE VELA LIXEIRA (NIF: G10509669) e na contía de 1.577,36 € para a subvención solicitada.

Cuarto.- En data 07/03/2024 Ricardo Salgado Rodríguez, en representación da ASOC. BARCOS CLÁSICOS DE VELA LIXEIRA (NIF: G10509669) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida motivada pola imposibilidade da xustificación do orzamento.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 11/03/2024 a renuncia presentada pola ASOC. BARCOS CLÁSICOS DE VELA LIXEIRA (NIF: G10509669).



Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.



É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOC. BARCOS CLÁSICOS DE VELA LIXEIRA (NIF: G10509669) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.577,36 € para “ámbito náutico (vela)” (documento co CSV: BQJDN7WYTAHFY0A).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

25.33518.- LIBERACIÓN DO CRÉDITO AUTORIZADO E COMPROMETIDO PARA O CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP) DENOMINADO SEGURO A TODO RISCO DE DANOS MATERIAIS EN INMOBLES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2023066615)

A Xunta de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 1 de decembro de 2023 adxudicou á empresa SEGUROS BILBAO CIA ANMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A48001648), o contrato baseado no lote número 2 (seguro de danos materiais) do acordo marco de contratación centralizada da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para contratación de seguros para entidades locais denominado seguro de riscos e danos materiais en inmobles da Deputación de Pontevedra por unha prima anual de 69.674,42 €.

Resultando que a adxudicación deste contrato baseado á empresa SEGUROS BILBAO CIA ANMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A48001648) xerou a elaboración pola Intervención Provincial do documento contable “AD número de operación 202400008103” de data 6 de xaneiro de 2024, por importe de 69.674,42 €.

Resultando que con data 05/01/2024, a empresa OCCIDENT GCO SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A28119220) presenta a factura electrónica número APSB00020240000494 por importe de 69.674,42 €, correspondente á prima do contrato seguro de risco e danos materiais en inmobles da Deputación de Pontevedra (número expediente da factura 2024000879).



Resultando que con data 17/01/2024 a empresa OCCIDENT GCO SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, a través do mediador designado WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., presenta a través da sede electrónica desta Deputación (Rexistro: WEB2024002435) a comunicación e a documentación relativa á disolución da empresa SEGUROS BILBAO CIA ANMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A48001648) debido a fusión por absorción e subrogación de contratos na empresa absorbente OCCIDENT GCO SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A28119220).

Resultando que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria de data 30/01/2024, toma coñecemento da comunicación de fusión por absorción e disolución da aseguradora, SEGUROS BILBAO CIA ANMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A48001648), adxudicataria do contrato baseado no lote 2 (seguro danos materiais) do Acordo Marco da FEMP para a contratación de seguros para Entidades Locais, e da subrogación do contrato na aseguradora absorbente OCCIDENT GCO SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A28119220).

Resultando que con data 29/01/2024 apróbase a factura electrónica nº APSB000202400000494 e tramítase o seu pago con cargo o crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 24/922.9330.224.01, sen imputarse o gasto ao documento contable “AD número de operación 202400008103” de data 6 de xaneiro de 2024, por importe de 69.674,42 €, que sería o documento contable adecuado para levar a cabo o recoñecemento das obrigas derivadas deste contrato.

Resultando que con data 02/02/2024 efectúase o pagamento da factura electrónica número APSB000202400000494 mediante transferencia bancaria á empresa OCCIDENT GCO SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS no número de conta bancaria terminada en \*1271 por importe de 69.674,42 € en concepto: “*Factura de seguro de danos en edificios 2024*”.

Resultando que a factura electrónica número APSB000202400000494 xa figura abonada contra o crédito da aplicación orzamentaria 24/922.9330.224.01 e tendo en conta a necesidade do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio de obter crédito dispoñible para iniciar a tramitación dun novo expediente de seguro de responsabilidade civil e patrimonial da Deputación de Pontevedra, e necesario proceder a liberación do crédito retido no documento contable “AD número de operación 202400008103”.

Resultando que o 6 de marzo do 2024, a Intervención Provincial emite informe prestando conformidade á proposta de liberación do crédito retido no documento contable “AD número de operación 202400008103” de data 6 de xaneiro de 2024, por importe de 69.674,42 €.

Considerando que a Xunta de Goberno foi o órgano que adxudicou o contrato baseado correspondente ao seguro de riscos e danos materiais en inmobles da Deputación de Pontevedra por unha prima anual de 69.674,42 €.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Liberar o crédito comprometido no documento contable “AD” número de operación 202400008103 de data 6 de xaneiro de 2024, por importe de 69.674,42 euros, correspondente o crédito autorizado e comprometido no seu momento para facer fronte as obrigacións derivadas do contrato baseado no lote número 2 (seguro de danos materiais) do acordo marco de contratación centralizada da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para contratación de seguros para entidades locais denominado seguro de riscos e danos materiais en inmoables da Deputación de Pontevedra.
2. Que o importe de 69.674,42 euros se incorpore de novo ao crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 24/922.9330.224.01 para poder levar a cabo a tramitación do novo expediente de seguro de responsabilidade civil e patrimonial da Deputación de Pontevedra.

**26.33519.- RESOLUCIÓN RECAÍDA NA SOLICITUDE EFECTUADA POLA EMPRESA BOLFER, S.L. PARA PARTICIPAR NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR OS SERVIZOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS. (Expte. 2022015213)**

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20 de xullo do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Se a Mesa observase defectos emendables nos documentos presentados, comunicarao ás persoas candidatas afectadas, concedéndolles un prazo de tres días naturais para que poidan emendar tales defectos, entendendo, noutro caso, que a/o candidato desiste a súa inclusión.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

Para as novas incorporacións no sistema, dentro do dez primeiros días de cada un dos meses será resolta a selección de todos aqueles empresarios que solicitasen a entrada no sistema desde a última resolución de selección.





A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023, acordou aprobar a primeira prórroga do “Sistema Dinámico de Adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros” do que forman parte as empresas Gráficas Eujoa, S.A. (CIF: A33032780), Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (CIF: B96472469), Taktika Comunicación S.L. (CIF: B36852846), Producciones Mic S.L. (NIF: B24301871), Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703), Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) e Grafo, S.A. (NIF A48203996) nas categorías I e II deste sistema dinámico de adquisición, durante o período que vai desde o 01 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 19 de decembro de 2023, a empresa Bolfer, S.L. (NIF B36004943) presenta solicitude de adhesión. No obstante, a Xunta de Goberno do día 30 de xaneiro de 2024 acordou non admitir á empresa Bolfer, S.L. (NIF B36004943) por non cumprir cos criterios de selección establecidos no prego.

Solicitada novamente a súa inclusión no sistema dinámico, a Mesa de Contratación, na reunión celebrada día 07 de marzo de 2024, procedeu á avaliación da candidatura presentada pola empresa Bolfer, S.L. (NIF B36004943), e acordou seleccionar á citada empresa por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma na categoría I do Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Admitir á empresa Bolfer, S.L. (NIF B36004943) na “Categoría I: Servizos de impresión e servizos conexos 79800000-2 Servicios de encuadernación y acabado de libros 79971000-1” do Sistema Dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material.
2. A empresa admitida deberá formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

3. O inicio do SDA comezará tras a finalización da primeira selección, unha vez publicado este acordo no perfil de contratante e formalizado o contrato de adhesión.

A data de comezo indicárase no documento de formalización e estará en vigor ata o 31 de decembro de 2024.



Unha vez aceptada a proposta anterior, a lista de licitadores admitidos neste sistema dinámico quedará integrada polas seguintes empresas:

Categoría I:

1. Gráficas Eujoa, S.A. (CIF: A33032780)
2. Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (CIF: B96472469)
3. Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846)
4. Producciones Mic S.L. (NIF: B24301871)
5. Tórculo Comunicación Gráfica S.A (CIF: A15056393)
6. Grafo, S.A. (CIF: A48203996)
7. Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
8. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
9. Bolfer, S.L. (NIF B36004943)

Categoría II:

1. Gráficas Eujoa, S.A. (CIF: A33032780)
2. Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (CIF: B96472469)
3. Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846)
4. Producciones Mic S.L. (NIF: B24301871)
5. Tórculo Comunicación Gráfica S.A (CIF: A15056393)
6. Grafo, S.A. (CIF: A48203996)
7. Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
8. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)

27.33520.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTE CALDELAS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (Expte.2024007970)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.

Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 23 de febreiro de 2024, punto núm. 11.33510, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.



No caso do Concello de Ponte Caldelas, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE PONTE CALDELAS					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
23	<i>1 administrativo/a e 1 operario/a para conducir maquinaria ou vehículos traballador/a en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos con carnés de conducir B, C, e CE a xornada completa durante 9 meses; 5 operarios/as traballadores/as en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos, 4 operarios/as de mantemento da rede de sumidoiros e 2 operarios/as para conducir maquinaria ou vehículos traballador/a en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos con carnés de conducir B e C a xornada completa durante 6 meses e 10 operarios/as traballadores/as en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos a xornada completa durante 3 meses</i>	207.414,06 €	202.553,04 €	82.887,13 €	124.526,93 €

O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024013884 do 29/02/2024, solicita modificar o acordo de concesión da subvención, motivada pola necesidade de modificar o orzamento, a achega municipal e o número de contratacións como consecuencia do incremento dos custes salariais, así como a duración de dous postos de traballo pola imposibilidade de cumprir coa duración prevista inicialmente.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.



- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. As modificacións poderán implicar unha variación a alza.

### CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar a solicitude de subvención ás novas circunstancias e necesidades de contratación debido á imposibilidade de cumprir a duración dos contratos inicialmente prevista no caso de 1 administrativo/a e 1 operario/a para conducir maquinaria ou vehículos traballador/a en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos con carnés de conducir B, C, e CE, así como a necesidade de modificar o orzamento, a achega municipal e o número de contratacións como consecuencia do incremento dos custes salariais, o interesado solicita modificar á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE PONTE CALDELAS					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
21	<i>1 administrativo/a e 1 operario/a para conducir maquinaria ou vehículos traballador/a en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos con carnés de conducir B, C, e CE a xornada completa durante 8 meses; 5 operarios/as traballadores/as en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos, 4 operarios/as de mantemento da rede de sumidoiros e 2 operarios/as para conducir maquinaria ou vehículos traballador/a en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos con carnés de conducir B e C a xornada completa durante 6 meses e 8 operarios/as traballadores/as en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos a xornada completa durante 3 meses</i>	198.171,00 €	193.527,14 €	73.644,07 €	124.526,93 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 23 de febreiro de 2024, punto núm. 11.33510, no referente á subvención concedida ó Concello de Ponte Caldelas, CIF núm. P3604300H, da maneira que segue:

CONCELLO DE PONTE CALDELAS					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
21	<i>1 administrativo/a e 1 operario/a para conducir maquinaria ou vehículos traballador/a en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos con carnés de conducir B, C, e CE a xornada completa durante 8 meses; 5 operarios/as traballadores/as en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos, 4 operarios/as de mantemento da rede de sumidoiros e 2 operarios/as para conducir maquinaria ou vehículos traballador/a en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos con carnés de conducir B e C a xornada completa durante 6 meses e 8 operarios/as traballadores/as en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos a xornada completa durante 3 meses</i>	198.171,00 €	193.527,14 €	73.644,07 €	124.526,93 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: X3C0KP2VBFJF1JZS) e do informe de Intervención (CSV: V2HCBN1276GWT2F4), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 23 de febreiro de 2024, punto núm. 11.33510, no referente á subvención concedida ó Concello de Ponte Caldelas, CIF núm. P3604300H, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Ponte Caldelas (P3604300H)	21	<i>1 administrativo/a e 1 operario/a para conducir maquinaria ou vehículos traballador/a en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos con carnés de conducir B, C, e CE a xornada completa durante 8 meses; 5 operarios/as traballadores/as en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos, 4 operarios/as de mantemento da rede de sumidoiros e 2 operarios/as para conducir maquinaria ou vehículos traballador/a en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos con carnés de conducir B e C a xornada completa durante 6 meses e 8 operarios/as traballadores/as en conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos a xornada completa durante 3 meses</i>	124.526,93 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

28.33521.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O GROVE, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PROGRAMACIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E SOCIAL DO CONCELLO” (Expte.2024014365)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.



En data 29/02/2024, con rexistro núm.WEB2024013679, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do Concello do Grove na que solicita unha subvención por importe de 75.481,65 euros, con destino ao financiamento de “Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social do Concello ” (Expte.:2024014365), cun orzamento polo mesmo importe

Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2024 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
XXXI Premio de novela curta Manuel Lueiro Rey	4.981,65 €	4.981,65 €
XII Concurso de pintura Ernesto Goday	4.000,00 €	4.000,00 €
Eventos auditorio do Grove 2024	12.000,00 €	12.000,00 €
Entroido do Grove 2024	15.000,00 €	15.000,00 €
Premio de cultura marítima Luís Rei	1.500,00 €	1.500,00 €
Libro sobre a historia do Grove	9.000,00 €	9.000,00 €
Nadal no Grove. Alumeado de Nadal	15.000,00 €	15.000,00 €
Trail Concello do Grove	4.000,00 €	4.000,00 €
Campionato de España Kaiak do Mar	2.000,00 €	2.000,00 €
Media maratón O Grove-Sanxenxo	3.000,00 €	3.000,00 €
Campamento deportivo	5.000,00 €	5.000,00 €
TOTAL	75.481,65 €	75.481,65 €



## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

### II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.





- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15ª das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 07/03/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 12/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Grove*, CIF:P3602200B, a cantidade de 75.481,65 €, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social do Concello*” (Expte.:2024014365), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de O Grove*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.



29.33522.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA” (Expte.2024016707)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

En data 08/03/2024, con rexistro núm.WEB2024016137, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do Concello de Moaña na que solicita unha subvención por importe de 91.144,20 euros, con destino ao financiamento de “*Servizo de limpeza viaria*” (Expte.:2024016707), cun orzamento por importe de 102.165,12 euros.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

### II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15ª das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 08/03/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Moaña*, CIF:P3602900G, a cantidade de 91.144,20 €, con destino ao financiamento de “Servizo de limpeza viaria” (Expte.2024016707), cun orzamento por importe de 102.165,12 €.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Moaña*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

30.33523.- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 1/03/2024(Nº10.33538 ), NO QUE SE CONCEDEU A SUBVENCIÓN “PAGAMENTO DE DÉBEDAS A ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS” AO CONCELLO DE LALÍN (Expte.2024011132)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 1 de marzo de 2024, adoptou, entre outros acordos a concesión ao *Concello de Lalín*, no marco do Plan +Provincia 2024, a concesión dunha subvención por importe de 88.058,85 euros con destino ao financiamento de “*Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e investimentos*” (Expte.:2024011132), con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.45, cando as aplicacións correctas son 2024/942.9425.462.45 e 2024/942.9425.762.46.

Segundo o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesado, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos; polo que,

En consecuencia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Rectificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 10.33538, de data 1 de marzo de 2024, no seguinte senso:

ONDE DI:

“...Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto...”

DEBE DECIR:

“...Autorizar e comprometer o gasto nas aplicacións 2024/942.9425.462.45 e 2024/942.9425.762.46 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto...”

Permanecerá invariable o resto do texto do acordo.



### 31.33524.- COMUNICACIÓNS

Dar conta de actos firmes, ditados na orde xurisdiccional contencioso-administrativo e levada a cabo a súa defensa polo Servizo Xurídico da Deputación de Pontevedra. (Expte. 2024005168)

#### ACTOS FAVORABLES (Desestimacións-Desistimiento)

#### SENTENZAS (Desestimatorias)

#### TAXAS E PREZOS PÚBLICOS (Recurso de Apelación)

- 1) *Sentenza nº 736/2023 de 28 de novembro do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 4ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 15006/2023 --dimanante do PA 017/2017 JCA2Po. (2020047454)*

Dáse conta da Sentenza nº 736/2023 de 28 de novembro do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 4ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 15006/2023 (dimanante do PA 017/2017 JCA2Po), promovido por *Hotel Colon Tui SL* contra Sentencia nº 223/2022 de 11 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto contra a Resolución de Tesourería de 10/10/2016 (Expte.39160000018571) Desestimatoria dos recursos contra liquidacións da taxa por Lixo 2º, 3º y 4º trimestre 2013, 4º de 2014, 2º, 3º e 4º de 2015 e 1º de 2016, por importe de 17.670,72 €, *Concelle de Tui*, e contra liquidación polo mesmo concepto do 2º de 2016, por importe de 2.208,84 €, na que se Desestima o recurso de apelación con imposición das costas nesta segunda instancia, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

#### Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM)

- 2) *Sentenza nº 203/2023 de 16 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 090/2021. (2022049092)*

Dáse conta da Sentenza nº 203/2023 de 16 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 090/2021, promovido por *Ángel Iglesias Soliño* contra a Resolución de Tesourería de 16/02/2021 (Expte. 39920000015789) Desestimatoria da solicitude de suspensión do procedemento de recadación, así coma da solicitude de devolución de todo pagado polo IVTM dende o ano 2006 por exención no IVTM, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 2.500 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



3) *Sentenza nº 284/2023 de 22 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 043/2023. (2023029935)*

Dáse conta da Sentenza nº 284/2023 de 22 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 043/2023, promovido por *Ruben Herruzo Silva* contra a Resolución de Tesourería de 28/11/2022 (Expte. 39920000045123) Desestimatoria do recurso de reposición interposto contra liquidación do IVTM 2022, *Concello do Rosal*, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 103 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

#### Imposto sobre Bens Inmóbles – IBI

4) *Sentenza nº 231/2023 de 13 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 104/2023. (2023034358)*

Dáse conta da Sentenza nº 231/2023 de 13 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 104/2023, promovido por *Pereira Elaborados SA* contra Resolución de Tesourería de 12/01/2023 (Expte. 39920000043103), Desestimatoria do recurso de reposición contra Resolución do Expte. 39920000028853, pola que se desestimaba a solicitude de Devolución de Ingresos Indevidos polo IBI, *Concello de Pazos de Borbén*, ampliada a Resolución de Tesourería de 22/09/2023 (Expte. 39210000111851) pola que se lle recoñece o dereito a devolución dos exercicios 2018 a 2022, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo a contía do procedemento en inferior a 30.000 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

#### Recadación– Derivación de responsabilidade subsidiaria

5) *Sentenza nº 230/2023 de 13 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 371/2022. (2023036489)*

Dáse conta da Sentenza nº 230/2023 de 13 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 371/2022, promovido por *María Josefa Domínguez Piñeiro* contra a Resolución de Tesourería de 03/10/2022 (Expte. 39320000039331), Desestimatoria do recurso de reposición interposto contra resolución de derivación de responsabilidade subsidiaria por afección real IBI, *Concello de Tui*, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 127,34 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



Recadación Executiva- Dilixencia de Embargo

- 6) *Sentenza nº 214/2023 de 26 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 007/2023. (2023026038)*

Dáse conta da Sentenza nº 214/2023 de 26 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 007/2023, promovido por *Julio González Lorenzo* contra Desestimación Presunta do recurso de reposición interposto o 18/11/2022 (Expte.39920000048147) contra Embargo Devolución IRPF 2021 (IBIs 2015 a 2018 e Taxa Lixo 2014, 2015 y 2017), *Concello de Salveda de Caselas*, ampliado a resolución expresa do recurso -Resolución de Tesourería de 29/09/2023 (Expte.39920000023611) – Estimatoria Parcial, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 974,89 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana – IIVTNU

- 7) *Sentenza nº 196/2023 de 25 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 105/2023. (2023029492)*

Dáse conta da Sentenza nº 196/2023 de 25 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 105/2023, promovido por *María Josefa García Pereira* contra Resolución de Tesourería de 24/01/2023 (Expte. 39090000046421), Desestimatoria do recurso de reposición interposto contra liquidación do IIVTNU, *Concello da Estrada*, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo a contía do procedemento 2.315,09 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 8) *Sentenza nº 197/2023 de 25 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 106/2023. (2023029905)*

Dáse conta da Sentenza nº 197/2023 de 25 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 106/2023, promovido por *Manuel Angel Paseiro Garcia* contra Resolución de Tesourería de 24/01/2023 (Expte. 39090000046422), Desestimatoria do recurso de reposición interposto contra liquidación do IIVTNU, *Concello da Estrada*, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo a contía do procedemento 4.414,96 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



9) *Sentenza nº 223/2023 de 06 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 110/2023. (2023037732)*

Dáse conta da Sentenza nº 223/2023 de 06 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 110/2023, promovido por *María José del Carmen Paseiro García* contra Resolución de Tesourería de 24/01/2023 (Expte. 39090000046420), Desestimatoria do recurso de reposición interposto contra liquidación do IIVTNU, *Concello da Estrada*, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo a contía do procedemento 16.420,87 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

10) *Sentenza nº 173/2023 de 12 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 152/2023. (2023039910)*

Dáse conta da Sentenza nº 173/2023 de 12 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 152/2023, promovido por *Mercedes Leyenda Martínez* contra Resolución de Tesourería de 16/12/2022 (Expt. 39080000019056), Desestimatoria do recurso de reposición interposto contra liquidación do IIVTNU, *Concello de Baiona*, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo a contía do procedemento 385,26 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

#### Multas de Tráfico

11) *Sentenza nº 283/2023 de 22 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 055/2023. (2023036142)*

Dáse conta da Sentenza nº 283/2023 de 22 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 055/2023, promovido por *Pablo Álvarez Sanroman* contra Expediente Sancionador en Materia de Tráfico nº 13019/2021, *Concello do Porriño*, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas ata un máximo de 200 €, sendo fixada a contía do procedemento en 900 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

#### *SENTENZA (Desistimiento)*

12) *Sentenza nº 276/2023 de 20 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 086/2023. (2023034329)*

Dáse conta da Sentenza nº 276/2023 de 20 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 086/2023, promovido por *Ismael Sánchez Cabaleiro* contra Resolución de Tesourería de 28/12/2022 (Expte. 39920000046714), Desestimatoria do recurso de reposición presentado contra a Providencia de Prema derivada do Expediente Sancionador en Materia de Tráfico nº 13031/2021, *Concello do Porriño*, na que se declara o Desistimiento no recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo a contía do procedemento 1.000 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.





*AUTOS (Desistimiento)*

*Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana – IIVTNU*

- 13) *Auto nº 137/2023 de 11 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 264/2023. (2023057523)*

Dáse conta do Auto nº 137/2023 de 11 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 264/2023, promovido por *Emilio Sánchez Vieites* contra Desestimación Presunta por Silencio Administrativo do recurso interposto o 08/03/2023 contra Resolución de 24/01/2023 (Expte. 39320000039328) Desestimatoria das alegacións presentadas á Resolución Derivación por Afección Real IBI, Ref.Cat.: K20101500NG35F0001AP, Exercicios 2015 a 2017, *Concello de Tui*- Resolto estimatoriamente por Resolución de Tesourería de 10/11/2023 (Expte.39160000035027) e por Resolución de Tesourería de 15/11/2023 (Expt. 39160000034429), no que se Acorda a Terminación do Procedemento por Satisfacción Extraprocesal con condena en costas, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado Auto.

*DECRETOS (Desistimiento)*

*Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana – IIVTNU*

- 14) *Decreto de 18 de outubro de 2023 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 260/2023. (2023059278)*

Dáse conta do Decreto de 18 de outubro de 2023 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 260/2023, promovido por *Banco Santander SA* contra Desestimación Presunta do recurso de reposición interposto o 05/12/2018 contra a Liquidación do IIVTNU – *Concello do Porriño* - 20183936039VT10L000006 – Importe: 1.568,48 € -- (recurso resolto e estimado por Resolución de Tesourería de 12/02/2020-Expt 39210000097697- Notificada o 01/03/2020), no que se Acorda a ter por Desistido o reclamante no procedemento sen condena en costas, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido Favorable do citado Decreto.

- 15) *Decreto de 23 de outubro de 2023 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 261/2023. (2023061975)*

Dáse conta do Decreto de 23 de outubro de 2023 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 261/2023, promovido por *Banco Santander SA* contra Desestimación Presunta do recurso de reposición interposto o 14/02/2019 contra a Liquidación do IIVTNU – *Concello do Porriño* - 20183936029VT12L000003 – Importe: 509,64 € -- (recurso resolto e estimado por Resolución de Tesourería de 20/01/2020-Expt 39920000000610- Notificada o 20/02/2020), no que se Acorda a ter por Desistido o reclamante no procedemento sen condena en costas, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido Favorable do citado Decreto.



16) Decreto de 07 de novembro de 2023 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 295/2023. (2023062886)

Dáse conta do Decreto de 07 de novembro de 2023 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 295/2023, promovido por *Banco Santander SA* contra Desestimación Presunta do recurso de reposición interposto o 30/04/2019 contra a Liquidación do IIVTNU – *Concello do Poio* - 20193936041VT03L000159 – Importe: 720,54 € -- (recurso resolto e estimado por Resolución de Tesourería de 02/03/2020-Expt 40900000001431), no que se Acorda a ter por Desistido o reclamante no procedemento sen condena en costas, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado Decreto.

17) Decreto nº 046/2023 de 04 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 295/2023. (2023067215)

Dáse conta do Decreto nº 046/2023 de 04 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 295/2023, promovido por *Banco Santander SA* contra Desestimación Presunta do recurso de reposición interposto o 25/04/2019 contra a Liquidación do IIVTNU – *Concello do Poio* - 20193936041VT03L000157 – Importe: 595,90 € -- (recurso resolto e estimado por Resolución de Tesourería de 02/03/2020-Expt 40900000001321), no que se Acorda a ter por Desistido o reclamante no procedemento sen condena en costas, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido Favorable do citado Decreto.

18) Decreto nº 044/2023 de 27 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 296/2023. (2023065990)

Dáse conta do Decreto nº 044/2023 de 27 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 296/2023, promovido por *Banco Santander SA* contra Desestimación Presunta do recurso de reposición interposto o 25/04/2019 contra a Liquidación do IIVTNU – *Concello do Poio* - 20193936041VT03L000106 – Importe: 557,07 € -- (recurso resolto e estimado por Resolución de Tesourería de 02/03/2020-Expt 40900000001322), no que se Acorda a ter por Desistido o reclamante no procedemento sen condena en costas, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido Favorable do citado Decreto.



19) Decreto nº 043/2023 de 20 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 298/2023. (2023063538)

Dáse conta do Decreto nº 043/2023 de 20 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditado en autos do Procedemento Abreviado 298/2023, promovido por *Banco Santander SA* contra Desestimación Presunta do recurso de reposición interposto o 25/04/2019 contra a Liquidación do IIVTNU – *Concello do Poio* - 20193936041VT03L000202 – Importe: 896,76 € -- (recurso resolto e estimado por Resolución de Tesourería de 02/03/2020-Expte. 40900000001323), no que se Acorda a ter por Desistido o reclamante no procedemento sen condena en costas, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido Favorable do citado Decreto.

ACTOS DESFAVORABLES (Estimacións-Recoñecemento Total en Vía Administrativa)

SENTENZAS

Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana – IIVTNU

20) Sentenza nº 260/2023 de 13 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 110/2022. (2022030600)

Dáse conta da Sentenza nº 260/2023 de 13 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 110/2022, promovido por *Maria Eugenia Silva Gamallo* contra a Resolución de Tesourería de 15/02/2022 (Expte. 39920000029454), desestimatoria do recurso de reposición contra a liquidación do IIVTNU Id. 20213936005VT10L000001 – *Concello de Caldas de Reis*, na que se Estima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 5.698,13 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

Multas de Tráfico

21) Sentenza nº 225/2023 de 10 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 283/2023. (2023059285)

Dáse conta da Sentenza nº 225/2023 de 10 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 283/2023, promovido por *Distribuciones y Representaciones Bierzo SL* contra Resolución de Tesourería de 16/06/2023 (Expte.39920000050137) desestimatoria do recurso de reposición interposto contra Providencia de Prema polo concepto: Expediente Sancionador en Materia de Tráfico núm. 18037/2021 e 25677/2021 - *Concello de Cangas*, na que se Estima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 600€, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.



Actos doutras administracións (IIVTNU)– Representación Procesual.

22) *Sentenza nº 284/2023 de 21 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, ditada en autos do Procedemento Abreviado 294/2023. (2023069578)*

Dáse conta da Sentenza nº 284/2023 de 21 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, ditada en autos do Procedemento Abreviado 294/2023, promovido por *Banco Santander* contra *Concello de Baiona* contra Desestimación Presunta do recurso de reposición interposto o 04/06/20219 contra a Liquidación emitida polo *Concello de Baiona* polo concepto: PVALIA 503/18 CM. BARGIELA - PROTO. 362.8 -- (recurso resolto e estimado polo Concello de Baiona por Decretos de 15/11/2023 e de 12/12/2023), na que se Declara a Conclusión do recurso contencioso-administrativo por Carencia Sobrevenida do seu obxecto con condena en costas ao Concello de Baiona, sendo fixada a contía do procedemento en 1.103,29 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación en representación do Concello de Baiona.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

*AUTOS (Recoñecemento Total en Vía Administrativa)*

Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana – IIVTNU

23) *Auto nº 100/2023 de 02 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 029/2023. (2023004791)*

Dáse conta do Auto nº 100/2023 de 02 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 029/2023, promovido por *Jesús Saavedra Alonso* contra Resolución de Tesourería de 03/11/2022 (Expte.39920000046043) Desestimación recurso reposición contra liquidación IIVTNU 2022 Porriño, ampliada a Resolución de Tesourería de 20/09/2023 (Expte.39920000046043) pola que se acordada a Non Suxeición o imposto e o recoñecemento do dereito á Devolución del importe ingresado indebidamente (1.236, €), no que se Acorda a Terminación do Procedemento por Satisfacción Extraprocesal sen condena en costas, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citada Auto.

Multas de Tráfico

24) *Auto nº 070/2023 de 28 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, ditada en autos do Procedemento Abreviado 122/2023. (2023033505)*

Dáse conta do Auto nº 070/2023 de 28 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, ditada en autos do Procedemento Abreviado 122/2023, promovido por *Pinturas del Louro SL* contra Expediente Sancionador en Materia de Tráfico nº 10381/2022 – Concello de Baiona, no que se Acorda a Terminación do Procedemento por Satisfacción Extraprocesal con condena en costas, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado Auto.



Recadación Executiva - Actos de outras administracións - Codemandados.

25) *Auto nº 136/2023 de 26 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 199/2023. (2023047106)*

Dáse conta do Auto nº 136/2023 de 26 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 199/2023, promovido por *José Fernández Rodas* contra Resolución de Tesourería de 28/03/2023 (Expt: 39920000045253) Desestimatoria do recurso de Reposición interposto contra a Providencia de Prema emitida polo Concepto: TE INFRACCIÓN URBANÍSTICA – *Concello de Cangas*, no que se Acorda a Terminación do Procedemento por Satisfacción Extraprocesal sen condena en costas, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado Auto.

32.33525.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

33.33526.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

